

2.3. SOCIALMENTE COHESIONADA

A) Calidade do emprego

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. POBOACIÓN ACTIVA E TAXAS DE ACTIVIDADE**
- 3. POBOACIÓN OCUPADA**
- 4. TEMPORALIDADE**
- 5. IGUALDADE SALARIAL**
- 6. POBOACIÓN PARADA E TAXA DE PARO**
- 7. POBOACIÓN INACTIVA**
- 8. MEDICIÓN**
- 9. MEDIDAS PROPOSTAS**

1. INTRODUCCIÓN

A evolución do mercado laboral, en concreto das taxas de desemprego e das porcentaxes de participación entre os traballadores de máis idade, xunto coa precariedade laboral e o aumento da temporalidade conforman o núcleo das actuacións para abordar as repercusións sociais e económicas dunha sociedade, en proceso de envellecemento.

Ademais, o modo en que afecta a situación laboral á calidade de vida resulta determinante á hora de considerar o traballo como un área clave de actuación da Estratexia: a estrutura familiar, o número de fillos que se teñen, o acceso a unha vivenda digna, a formación dos membros da familia, a competitividade dunha rexión, as infraestruturas financiadas coas contribucións dos contribuíntes, etc veñen determinados polo mercado laboral.

Pero, este non é o único reto ao que nos debemos enfrontar nos próximos anos pois, ademais de reducir a taxa de paro deberá asegurarse que os empregos que se crean sexan de calidade. Así mesmo resulta necesario promover o emprego para os grupos vulnerables e marxinados no mercado de traballo, posto que o emprego de calidade é a maior salvagarda para a inclusión destes colectivos de forma sostible.

Neste sentido, resulta básico reducir, non só o colectivo de parados senón tamén o de inactivos, reducir as barreiras para integrarse no mercado laboral e aumentar as medidas

que axudan a conservar o emprego dos traballadores que corren un claro risco de exclusión. Se se quere aumentar a taxa de actividade é necesario mellorar o acceso ao emprego en boas condicións.

Finalmente, é preciso ter en conta que a Unión Europea en relación a política de emprego fixou dous obxectivos importantes a acadar para o ano 2010: incrementar a taxa de emprego dos traballadores entre 55 e 64 anos nun 50% (Obxectivos de Estocolmo) e atrasar en 5 anos a idade en que os traballadores abandonan o mercado laboral, que actualmente na UE-15 prodúcese aos 59,9 anos (Obxectivos de Barcelona).

2. POBOACIÓN ACTIVA E TAXAS DE ACTIVIDADE

A taxa de actividade³⁹ situouse nun 53,1% no ano 2003, mentres que a media española o fixo no 55%, na Unión Europea este dato acadou a cifra do 57,6% no ano 2002. Por sexos, a taxa de actividade masculina en Galicia rexistrada foi dun 63,4% mentres que a nacional situouse nun 67,4% e a europea nun 68,1% mentres que a feminina acadou un valor de 43,8% (un 43,3% en España e un 47% en Europa). Por provincias, son A Coruña e Pontevedra as que rexistraron os valores máis elevados, tanto para a taxa de actividade total (54,48% e 55,26% respectivamente) como desagregada por sexos (64,67% e 66,5% respectivamente para o caso dos homes e 45,19% e 45,19% para as mulleres).

Analizando a variación da taxa de actividade rexistrada entre o ano 2002 e 2003 Galicia rexistrou valores superiores á media nacional (3,39 fronte a un 1,91 para o territorio español). A variación máis significativa foi a rexistrada pola provincia de A Coruña, cuxo incremento foi dun 6,20%.


Por sexos, a variación rexistrada para o caso dos homes situouse por encima da rexistrada para o conxunto nacional (1,86% fronte a un 0,79% para o territorio español), para o caso das mulleres a taxa de actividade feminina medrou a un ritmo superior ao que o fixo a media nacional: un 5,34% fronte a un 3,66% para o conxunto de España. Por provincias, foi A Coruña tanto para a variación da taxa masculina como para a feminina a que rexistrou un incremento máis elevado (3,80% e 9,95% respectivamente)

Analizando a variación da poboación por sexos e franxa de idade, as maiores taxas de actividade sitúanse nas franxas de idade entre os 25 e os 54 anos (90,76% para os homes e 69,98% para as mulleres) e entre os 20 e 24 anos (57,63% para os homes e 63,18% para as mulleres)

³⁹ % de persoas activas respecto á poboación de 16 anos e máis

Gráfico 1

TAXAS DE ACTIVIDADE (%) POR FRANXA DE IDADE, GALICIA 2003



Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.

Comparando o ano 2002 co 2003, Galicia incrementou a súa poboación activa nun 3,7%, sendo dun 6,6% para o caso de A Coruña, un 0,6% para Lugo e un 3,8% para Pontevedra. Lugo foi a única provincia que durante este período tivo unha variación negativa da poboación activa. O conxunto do territorio nacional rexistrou unha variación na poboación activa dun 2,6%, sendo respectivamente un 1,5% e un 4,3% para homes e mulleres, mentres que para Galicia a variación da poboación activa atendendo ao sexo foi de 2,1% para o caso dos homes e de 5,8% para o caso das mulleres, superiores ambos aos rexistrados para o territorio nacional.

Táboa 1

POBOACIÓN ACTIVA POR SEXOS (MILES DE PERSOAS)

	2003	2002	Variación 02-03 (%)	2001	Variación 01-02 (%)
TOTAL					
España	18.821,9	18.340,45	2,6	17.814,6	3,0
Galicia	1.265,2	1.220,5	3,7	1.194,5	2,2
A Coruña	529,3	496,4	6,6	477,3	4,0
Lugo	157,1	156,2	0,6	162,7	-3,9
Ourense	142,7	147,5	-3,3	143,9	2,5
Pontevedra	436,2	420,3	3,8	410,7	2,4
HOMES					
España	11.199,1	11.034,6	1,5	10.837,1	1,8
Galicia	719,5	704,6	2,1	693,4	1,6
A Coruña	229,7	290,1	-20,8	281,3	3,1
Lugo	88,3	88,9	-0,7	92,6	-4,1
Ourense	83,5	85,0	-1,8	85,3	-0,4
Pontevedra	248,0	240,5	3,1	234,0	2,8
MULLERES					
España	7.622,9	7.305,9	4,3	6.977,6	4,7
Galicia	545,7	515,9	5,8	501,1	3,0
A Coruña	229,6	206,3	11,3	196,0	5,2
Lugo	68,8	67,3	2,2	70,0	-3,8
Ourense	59,2	62,5	-5,3	58,5	6,8
Pontevedra	188,1	179,8	4,6	176,6	1,8

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa

Respecto á distribución da poboación activa atendendo aos grupos de idade, para o ano 2002 a maior porcentaxe atópase na franxa de 25 a 54 anos, cun 77,18%, mentres que para todo o territorio nacional a devandita porcentaxe sitúase nun 77,79%. Por provincias, todas agás A Coruña acadan valores ao redor do 76%, A Coruña obtén 2 puntos máis acadando o 78,18%.


E mentres que para o conxunto do territorio nacional se reduciu a poboación activa para as franxas comprendidas entre os 16 e os 19 anos e entre os 20 e 24 anos entre o ano 2002 e o 2003, para o caso de Galicia tan só o fixo na franxa de idade de 16 e 19 anos. Por provincias o descenso máis acusado rexistrouse entre os mozos de 16 e 19 anos en Lugo, cunha redución do 29,2%, e Pontevedra cun descenso do 15,7%. Polo contrario, os mozos lucenses con idades comprendidas entre os 20 e os 24 anos incrementaron a poboación activa nun 28,1%, rexistrando a maior variación, seguidos polos mozos de entre 16 e 19 anos de A Coruña, cuxo incremento foi dun 25%.

A evolución da poboación activa no que se refire ao sector económico, apréciase unha lixeira perda de peso do sector da agricultura, cun 0,9% menos de poboación activa para o conxunto de Galicia entre o ano 2002 e o 2003, mentres que a redución experimentada por este sector no ámbito nacional foi dun 1,7%. Por provincias, a perda de poboación activa no sector primario foi máis acusada nas provincias de Pontevedra, cunha perda do 7,1%, e Ourense (6,3% menos), rexistrando para a provincia de A Coruña un incremento do 7,3%.

A pesar do maior peso da poboación activa no sector servizos no ámbito estatal, durante o ano 2003 a poboación activa neste sector creceu en Galicia un 6,6%, dous puntos e medio por encima do crecemento no sector servizos en España (4,1%).

Gráfico 2

% DE POBOACIÓN ACTIVA POR SECTOR ECONÓMICO 2003



Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa

* Parados en procura do seu primeiro emprego e parados que deixaron o último fai 3 anos ou máis

Atendendo ao nivel de formación, a maior porcentaxe de poboación activa atopase no sector de poboación con educación secundaria de primeira etapa (33,46%) seguida do grupo de persoas con superior (27,11%) e por sexos para os homes a maior porcentaxe de poboación activa é a da poboación con educación secundaria (37,79%), mentres que para as mulleres é a educación superior (32,25%).

3. POBOACIÓN OCUPADA

A poboación ocupada⁴⁰ en Galicia no ano 2003 ascendeu a 1.105,4 miles de persoas, 33,2 miles de ocupados máis que no ano 2002, dos que 659,8 miles son homes e 445,7 miles son mulleres.

A ocupación galega experimentou unha aceleración no seu ritmo de crecemento durante o ano 2003 respecto ao ano anterior, ao rexistrar un aumento do 3,1% no ano 2003 mentres que a variación do ano 2002 respecto ao ano 2001 representou un incremento do 0,9%, ademais, o ritmo de crecemento do emprego galego atópase por encima da media nacional, que foi dun 2,7% para o último ano, un 2% para o ano 2002 e un 3,7% para o ano 2001.

Dende o punto de vista da súa distribución por provincias, tan só Ourense rexistrou un descenso de 3,2% respecto ao ano 2002, sendo A Coruña a que máis aumentou (5,6%), seguida de Pontevedra (3%) e Lugo (1,7%). A variación rexistrada no ano 2002 respecto ao 2001 situou a Ourense á cabeza do crecemento, seguida de A Coruña, Pontevedra e, en último lugar Lugo, que rexistrou unha variación negativa. O total da poboación ocupada en A Coruña e Pontevedra representou no ano 2003 o 75,13% da poboación ocupada na totalidade do territorio galego.

Atendendo á distribución por sexos da poboación ocupada, Galicia incrementou o número de homes ocupados durante o ano 2003 nun 2%, mentres que a variación sufrida polas mulleres foi dun 4,8%, valores superiores aos rexistrados para o período 2002-2001.

Táboa 2

TAXAS DE EMPREGO					
	2003	2002	Variación 02-03 (%)	2001	Variación 01-02 (%)
TOTAL					
España	48,81	47,9	2,0	47,3	1,3
Galicia	46,43	45,2	2,7	45,0	0,4
A Coruña	47,03	44,7	5,1	44,1	1,4
Lugo	45,64	44,7	2,0	46,6	-4,1
Ourense	42,98	44,5	-3,4	43,6	2,1
Pontevedra	47,33	46,2	2,4	46,1	0,2
HOMES					

⁴⁰ Enténdese por ocupados aquelas persoas de 16 anos ou máis que durante a semana de referencia estiveron traballando polo menos unha hora a cambio dunha retribución (salario, xornal, beneficio empresarial, etc) en cartos ou en especie. Tamén son ocupados os que, traballando, estiveron temporalmente ausentes do traballo por enfermidade, vacacións, etc.

España	61,92	61,5	0,7	61,3	0,3
Galicia	58,1	57,1	1,7	56,8	0,5
A Coruña	58,93	56,5	4,3	56,1	0,7
Lugo	54,7	54,7	0,1	55,7	-1,8
Ourense	53,45	54,3	-1,5	55,0	-1,3
Pontevedra	60,28	60,1	0,2	58,8	2,2
MULLERES					
España	36,43	35,0	4,1	34,1	2,6
Galicia	35,79	34,3	4,3	34,3	0,0
A Coruña	36,17	33,8	6,9	33,1	2,1
Lugo	37,22	35,6	4,7	37,9	-6,1
Ourense	33,19	35,3	-6,1	32,7	8,0
Pontevedra	35,73	34,0	5,2	34,9	-2,6

Fonte: INE, Enquisa de Poboación Activa

Segundo se pode apreciar na táboa, a taxa de emprego galega é 2,38 puntos máis baixa que en España no ano 2003 (un 46,43% en Galicia e un 48,81% en España) e a diverxencia é máis ampla para o caso dos homes (58,1% en Galicia e 61,92% en España) que para o das mulleres (35,79% en Galicia e un 36,43% España). Por provincias, a taxa de ocupación masculina máis elevada rexistrouse en Pontevedra (60,28%) mentres que para o caso da feminina foi Lugo (37,22%).

Analizando a variación rexistrada entre o ano 2002 e o 2003, a taxa de ocupación galega incrementouse nun 2,7% mentres que para o conxunto de España fíxoo nun 2%. E separando a evolución por sexos, para o caso dos homes Galicia aumentou a ocupación máis do que o fixo o conxunto de España (1,7% e 0,7% respectivamente), mentres que a feminina en Galicia mantívose semellante a española aínda que por encima, incrementándose nun 4,3% fronte o 4,1% de España.

Dende o punto de vista da súa distribución atendendo aos diferentes grupos de idade, a poboación ocupada aumentou nas franxas comprendidas entre os 16 e 19 anos, entre os 20 e 24 anos e entre os 25 e os 54 anos (33,4 miles de ocupados máis no ano 2003). Se analizamos a variación por sexos, para o caso dos homes o aumento tamén máis importante rexistrouse na franxa de idade de persoas de 16 a 19 anos (4,5%). No caso das mulleres ocupadas o maior incremento foi na franxa de idade de 25 a 54 anos (6,3%).

Respecto á evolución que seguiu nos últimos anos, entre o ano 2002 e o 2003 aumentou un 0,6% a poboación ocupada con idades comprendidas entre os 16 e os 19 anos, un 1,2% entre os 20 e os 24 anos e un 3,9% os de 24 a 54 anos, mentres que tan só a poboación ocupada de 55 e mais anos se reduciu nun 0,1%. Por sexos, para o caso dos homes, entre os 16 e os 19 anos aumentou a poboación ocupada nun 4,5%, un 2,4% para aqueles con idades comprendidas entre os 25 e os 54 anos, e nun 1,3% para os de 55 e máis anos. Para o caso das mulleres, o emprego entre os mozos de 16 a 19 anos reduciuse, aumentando entre os 20 e 24 anos e entre os 25 e os 64 anos. Se nos remontamos ao período 2000-2001 resulta significativo o incremento xeral da poboación ocupada no ano 2003, con incrementos importantes en case todas as franxas de idade.

En canto ás taxas de ocupación por sectores produtivos, cabe sinalar a importancia relativa que continúa tendo o sector primario, a pesar de diminuír a súa ocupación, valores aínda moi afastados da media nacional (5,9%) e a europea (4,2%), sobre todo para a provincia de Lugo, que acada case o 30%.

O incremento do emprego rexistrado vén explicado polo comportamento do sector servizos, que rexistrou un aumento do 7,2% (42,1 miles de persoas). Por provincias resulta significativo o aumento rexistrado no sector servizos en A Coruña, cun aumento do 11,7%, en Lugo cun incremento do 4,7%, e en Pontevedra cun 6,7%.

Respecto ao resto de sectores, é o de industria o que rexistrou un maior crecemento cunha taxa do 6,6% en Lugo, o sector da construción foi o que tivo un maior incremento na provincia de Pontevedra, cun 7,1%. En Ourense o sector que máis medrou foi tamén o da construción (4,9%) e en A Coruña o sector servizos. En termos absolutos o sector servizos segue sendo o principal en volume de ocupación, cun 56,5% de ocupados (624,7 miles de persoas) no ano 2003, seguido da industria, que acolle a 214,6 miles de persoas (un 19,4%), o sector primario cun 12,3% e o da construción (11,7%), con 136,7 e 129,4 miles de persoas ocupadas en ambos respectivamente.

Respecto á situación profesional dos ocupados, o incremento da poboación ocupada debeuse fundamentalmente ao incremento do número de asalariados, que medrou un 4,87% respecto ao ano 2002 (38 miles de ocupados máis). En termos absolutos o número total de asalariados ascendeu a 818,8 miles de persoas, é dicir: o 74% da ocupación total de Galicia. O maior número de asalariados concéntrase en A Coruña (350,4 miles de ocupados) que ademais aumentou un 8,99% respecto ao ano anterior, representando un 76,69% do total da poboación ocupada da provincia e o 31,69% da poboación asalariada galega. Pontevedra, cun aumento similar, acadou os 286,8 miles de persoas, é dicir: un 76,76% da poboación ocupada da provincia e o 25,94% da asalariada en todo o territorio galego. En conxunto, os asalariados destas dúas provincias representan o 57,64% do total galego.

Táboa 3

**POBOACIÓN OCUPADA (MILES DE PERSOAS) :
DISTRIBUCIÓN SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL E SEXO**

	TOTAL			HOMES			MULLERES		
	2003	2002	Variación 02-03 (%)	2003	2002	Variación 02-03 (%)	2003	2002	Variación 02-03 (%)
GALICIA	1.105,4	1.072,2	3,10	659,8	646,8	2,01	445,7	425,4	4,77
Empresarios sen asalariados	182	186,1	-2,20	98,8	105,4	-6,26	83,2	80,7	3,10
Empresarios con asalariados	69	65,7	5,02	53,5	51,2	4,49	15,5	14,5	6,90
Axudas familiares	30,7	35,4	-13,28	9,8	11,1	-11,71	20,9	24,3	-13,99
Asalariados	818,8	780,8	4,87	495,4	476,7	3,92	323,4	304,1	6,35
Outros	4,9	4,2	16,67	2,3	2,4	-4,17	2,6	1,7	52,94

Fonte: INE, Enquisa de Poboación Activa

O número total de empresarios, con e sen asalariados, mantivo durante o ano 2003 as cifras acadadas durante o ano 2002. En termos absolutos, o número total de empresarios descendeu en todas as provincias galegas agás en Pontevedra, onde se incrementou nun

4,34%. Ora ben, Lugo é a provincia con maior importancia relativa de empresarios posto que un 28,89% da súa poboación ocupada atópase nesta franxa, porcentaxe que acadou un 25,49% en Ourense e un 20,59% e 21,86% respectivamente en A Coruña e Pontevedra.

O número de empresarios sen asalariados reduciuse en 4,1 miles de persoas entre o ano 2002 e o 2003, representando o 16,46% da ocupación galega e un 72,5% da poboación ocupada empresarial, rexistrándose en todas as provincias agás en Ourense (que aumentou en 1,2 miles de persoas) unha perda no número de empresarios sen asalariados. En termos absolutos o descenso máis destacado produciuse en Pontevedra, con 4,4 miles de empresarios menos mentres que A Coruña é a provincia que rexistra, en termos relativos, unha menor caída, cun 0,97% menos respecto ao ano 2002.

Analizando o número de empresarios con asalariados, este incrementouse un 5,02% en 2003 acadando os 69 miles de persoas ocupadas, é dicir: un 6,24% da poboación ocupada galega. Comparando os datos co ano 2002, tan só Pontevedra rexistra un incremento, 7,8 miles de empresarios máis (38,42% máis), mentres que o descenso máis destacado é o que rexistra a provincia de Ourense: un 20,51% menos con 2,4 miles de persoas.

Por outro lado, o número de axudas familiares descendeu durante 2003 en 4,7 miles de persoas, acadando 30,7 miles, o que supón un 13,28% menos respecto ao ano anterior. Este descenso rexistrouse en case todas as provincias galegas sendo máis destacado na provincia de Ourense, ao acadar unha redución do 35,29%.

Se estudamos a poboación ocupada atendendo ao sexo, rexístrase un aumento da ocupación da poboación asalariada para ambos casos, sendo superior no caso das mulleres que no dos homes (6,35% e 3,92%, respectivamente). Tamén se produce un aumento da poboación ocupada feminina dos empresarios sen asalariado e con asalariados.

Por último, analizando a poboación ocupada en relación ao nivel de estudos rematados, no ano 2003 o 51,99% dos ocupados corresponden a persoas con educación secundaria, un 21,27% a persoas con estudos primarios e un 26,59% a ocupados con educación superior.

Por provincias cabe destacar o peso relativo da poboación ocupada con estudos secundarios en Pontevedra, que representa un 59,85% da poboación total ocupada da devandita provincia. En A Coruña o peso da Educación superior representa o 31,30%, sendo o máis elevado das catro provincias. Lugo é a provincia onde os estudos primarios teñen un maior peso e por último, Pontevedra é a provincia coa maior porcentaxe de poboación ocupada con estudos secundarios.

4. TEMPORALIDADE

A taxa de temporalidade (relación entre o número de asalariados temporais e o total de asalariados) reduciuse un 2,19% no ano 2003 ata acadar o 34,1%, mentres que para o conxunto do territorio nacional reduciuse en tan só un 1,41% para situarse nun 30,6%.

Analizando a variación por sexos, para o caso dos homes reduciuse tanto no ámbito nacional (un 1,19%) como no ámbito galego (1,87%), acadándose unhas taxas de temporalidade do 32,3% para Galicia e o 28,6% para España. Así mesmo, as taxas femininas seguiron unha evolución semellante, reducíndose para o caso de Galicia nun 2,71%, situándose nun 36,9%, mentres que para o conxunto nacional redúcese nun 1,98%, situándose nunha taxa do 33,5%. Como se pode apreciar, a diverxencia entre as taxas femininas e masculinas en Galicia sitúase en 4 puntos porcentuais máis de taxa de temporalidade para as mulleres, mentres que para o conxunto de España o devandito diferencial é de 5 puntos.

Para o período analizado, mentres que para o caso dos homes os empregos temporais incrementáronse nun 1,98%, os femininos fixérono nun 3,47% e, para o caso dos empregos indefinidos, mentres que para o caso dos homes incrementáronse nun 4,87%, para o segmento feminino fixérono nun 8,16%.

Táboa 4

ASALARIADOS GALICIA (MILES DE PERSOAS) E TAXA DE TEMPORALIDADE

	TOTAL			HOMES			MULLERES		
	2003	2002	Variación 02-03 (%)	2003	2002	Variación 02-03 (%)	2003	2002	Variación 02-03 (%)
ASALARIADOS	818,8	780,8	4,87	495,4	476,7	3,92	323,4	304,1	6,35
Empregos Temporais	278,9	271,9	2,57	159,7	156,6	1,98	119,3	115,3	3,47
Empregos Indefinidos	539,9	508,9	6,09	335,7	320,1	4,87	204,2	188,8	8,16
TAXA DE TEMPORALIDADE GALICIA	34,1	34,8	-2,19	32,2	32,9	-1,87	36,9	37,9	-2,71
TAXA DE TEMPORALIDADE ESPAÑA	30,6	31,0	-1,41	28,6	29,0	-1,19	33,5	34,1	-1,98

Fonte: INE, Enquisa de Poboación Activa

Analizando a ocupación segundo tipo de xornada e sector económico, apréciase unha redución no sector agrícola da ocupación, tanto a tempo completo (0,71%) como a tempo parcial (1,36%).

Por sexos, para o caso dos homes a redución de poboación ocupada máis significativa produciuse no sector da construción a tempo completo, cunha diminución da poboación ocupada dun 40,98%. Mentres que a ocupación a tempo parcial aumenta significativamente nos sectores da industria e da construción, mentres que diminúe no sector agrícola (40,94%).

Para o caso das mulleres, apreciase un aumento significativo na ocupación a tempo parcial (un 2,59%), aínda que o aumento é máis importante a tempo completo (5,14%). Destaca o incremento que se produce na ocupación a tempo completo no sector da

construción (760,40%) mentres que a tempo parcial os incrementos prodúcense nos sectores da industria e da construción.

5. IGUALDADE SALARIAL

Galicia é unha das comunidades con custos salariais (1.271,54 €) e totais (1.734,19 €) máis reducidos de todo o territorio nacional, situándose por debaixo da media nacional (1.480,17 € de custo salarial e 1.992,40 € de custo total). Ademais, as taxas de variación entre o ano 2002 e o 2003 incrementáronse a un ritmo inferior en Galicia ao que o fixeron no territorio nacional (2,37 e 3,61 respectivamente en Galicia fronte a un 3,84 e un 4,24 respectivamente para o territorio nacional).

Táboa 5

CUSTO SALARIAL E CUSTO TOTAL⁴¹ POR TRABALLADOR E MES EN EUROS (MEDIAS ANUAIS)

	CUSTO SALARIAL			CUSTO TOTAL		
	2003	2002	Variación 02-03 (%)	2003	2002	Variación 02-03 (%)
España	1480,17	1.425,40	3,84	1.992,40	1.911,30	4,24
Andalucía	1345,04	1.303,70	3,17	1.832,00	1.754,90	4,39
Aragón	1455,48	1.404,50	3,63	1.967,24	1.892,20	3,97
Asturias	1467,96	1.392,80	5,40	2.011,31	1.909,00	5,36
Baleares	1339,87	1.274,70	5,11	1.808,26	1.711,30	5,67
Canarias	1217,21	1.194,00	1,94	1.647,43	1.610,50	2,29
Cantabria	1358,51	1.302,10	4,33	1.853,59	1.765,90	4,97
Castela La Mancha	1.265,68	1.199,10	5,55	1.715,35	1.612,80	6,36
Castela León	1361,55	1.323,80	2,85	1.853,63	1.790,00	3,55
Cataluña	1584,73	1.521,40	4,16	2.109,84	2.029,90	3,94
Comunidade Valenciana	1319,05	1.262,70	4,46	1.798,71	1.712,80	5,02
Extremadura	1210,88	1.157,40	4,62	1.634,48	1.556,30	5,02
Galicia	1271,54	1.242,10	2,37	1.734,19	1.673,70	3,61
Madrid	1777,49	1.703,60	4,34	2.360,64	2.256,90	4,60
Murcia	1216,99	1.148,00	6,01	1.669,32	1.574,00	6,06
Navarra	1653,55	1.571,10	5,25	2.215,64	2.101,20	5,45
País Vasco	1707,96	1.660,20	2,88	2.293,23	2.221,20	3,24
A Rioxa	1348,45	1.297,50	3,93	1.833,82	1.761,00	4,14

Fonte: INE. Enquisa de Custos Laborais

Atendendo á desagregación por sector económico, é no sector de industria onde os custos, tanto salariais como totais, son máis elevados, seguidos do sector servizos e, en último lugar a construción. O diferencial por sectores de custos totais entre España e Galicia é máis acusado no sector industria, cun diferencial do 19,25%, seguido do sector servizos (15,55% menos que en conxunto do territorio español) e por último o da construción (9,38% menos).

⁴¹ O custo salarial comprende todas as remuneracións, tanto en metálico como en especie, realizadas aos traballadores pola prestación profesional dos seus servizos laborais por conta aliea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo. Inclúe polo tanto o salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados. Todos estes compoñentes recóllense en termos brutos, é dicir: antes de practicar retencións ou pagos á Seguridade Social por conta do traballador. O custo laboral inclúe o custo salarial máis percepcións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

6. POBOACIÓN PARADA E TAXA DE PARO

A poboación parada no ano 2003 rexistrou un aumento en Galicia do 7,75% respecto ao ano anterior (a media nacional situouse nun 2,13%), acadando 159,8 miles de persoas (11,5 miles de parados máis), das que un 62,64% son mulleres e un 37,36% son homes. Este crecemento rexistrouse nas provincias galegas de A Coruña e Pontevedra, reducíndose o número de parados nas de Lugo e Ourense, con 1,5 e 0,6 miles de desempregados.

Desagregando o número de parados por sexo para o período 2002-2003, a provincia de Ourense foi a que rexistrou o descenso máis destacado para o caso dos homes: un 12,50%, seguida de Lugo (10,71%) e A Coruña (1,48%), mentres que Pontevedra rexistrou un aumento no número de desempregados dun 18,37%. Para o caso das mulleres foi Lugo a provincia que rexistrou un maior descenso, situándose nun 11,36% de desempregadas menos. As provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra rexistraron incrementos no número de desempregadas (24,80%, 1,43% e 3,41%, respectivamente).

O número de persoas desempregadas atendendo ao sexo: mentres que para o período 2002-2003 o número de homes desempregados incrementouse nun 3,29%, para o caso das mulleres o incremento foi dun 10,61.

Analizando a poboación parada atendendo aos grupos de idade, o 38,1% (60,9 miles de persoas) atópase entre os 25 e os 34 anos e o paro nesta franxa de idade incrementouse entre o ano 2002 e o 2003 nun 3,75%. Os parados entre 16 e 19 anos reduciuse un 9,09% no ano 2003, mentres que os maiores de 55 anos se incrementaron nun 21% para o devandito período. Como se pode apreciar no gráfico, destaca o descenso no número de mulleres paradas entre 25 e 34 anos, un 1,02% menos, mentres que a devandita variación para o caso dos homes foi positiva aproximadamente un 13,5%.

Táboa 6

TAXAS DE PARO POR SEXO

	2003	2002	Variación 02-03 (%)
TOTAL			
España	11,3	11,4	-0,88
Galicia	12,63	12,2	3,52
A Coruña	13,67	12,8	6,80
Lugo	8,13	9,2	-11,63
Ourense	8,42	8,5	-0,94
Pontevedra	14,35	13,7	4,74
HOMES			
España	8,13	8	1,63
Galicia	8,3	8,2	1,22
A Coruña	8,87	9,3	-4,62
Lugo	5,68	6,3	-9,84
Ourense	5,9	6,5	-9,23
Pontevedra	9,35	8,2	14,02
MULLERES			
España	15,91	16,4	-2,99
Galicia	18,34	17,5	4,80
A Coruña	19,95	17,8	12,08

Lugo	11,28	13	-13,23
Ourense	11,98	11,2	6,96
Pontevedra	20,95	21,2	-1,18

Fonte: INE, Enquisa de Poboación Activa

A táboa anterior amósanos a evolución que seguiu a taxa de paro. No ámbito nacional a taxa descendeu levemente (0,88%), aumentando para o caso dos homes (1,63%) e descendendo para o das mulleres (2,99%). En Galicia a taxa de paro aumentou nun 3,52%, sendo A Coruña a provincia onde máis aumentou (6,8%) e Ourense onde menos o fixo (4,74%). Lugo e Ourense rexistraron descensos na taxa de paro (11,63 % e 0,94%, respectivamente).

Por sexos, na nosa comunidade a taxa de paro masculina aumentou nun 1,22% e a feminina nun 4,8%. Por provincias, a taxa de paro masculina descendeu en A Coruña, Lugo e Ourense sendo Pontevedra a única provincia na que a taxa de paro masculina aumentou. Por outro lado, a taxa de paro feminina descendeu na provincia de Lugo e Pontevedra, incrementándose na de A Coruña e Pontevedra.

A análise da poboación parada atendendo aos diferentes sectores económicos reflexa unha concentración da poboación parada no sector servizos (57,7 miles de persoas), seguida do sector industrial (22,10 miles de persoas) e o da construción (14 miles de persoas) ocupando a agricultura o último lugar con 4,20 miles de parados para o conxunto de Galicia no ano 2003.

Entre o ano 2002 e o 2003 en Galicia o sector onde máis aumentou o paro foi o industrial, cunha taxa de variación relativa do 26,29%. O sector da construción foi o segundo atendendo á variación rexistrada, cun incremento do 26,13% seguido da Agricultura cun 2,44% máis de parados, o sector servizos foi o que tivo un menor incremento para o período, un 0,52%.

Por provincias destacou o descenso producido na poboación parada no sector agrícola en Ourense e Lugo, así como o descenso no sector servizos na provincia de A Coruña e Lugo e en Ourense o sector da Construción.

Se analizamos o desemprego segundo o nivel de estudos rematados no ano 2003, a taxa de paro máis elevada rexistrouse nas persoas coa segunda etapa de educación secundaria de estudos finalizada, mentres que o maior número de parados correspondeu a aqueles en posesión de estudos de educación secundaria de primeira etapa finalizados. No caso dos homes a taxa de paro máis elevada corresponde os estudos de educación superior finalizados, mentres que o maior numero de parados corresponde os estudos de educación secundaria de primeira etapa finalizados. Por último, no caso das mulleres a maior taxa de paro corresponde os estudos de educación secundaria de segunda etapa finalizados, mentres que a franxa máis elevada de poboación parada concentrouse nas mulleres con estudos de educación superior finalizados.

A evolución nos últimos anos da poboación parada segundo o tempo de busca de emprego amosa que mentres que para o conxunto do territorio español o 56,12% da poboación parada encontra emprego en menos de 1 ano, en Galicia a devandita porcentaxe é dun 49,74%, mentres que o número de persoas que tarda 2 anos ou máis en atopar emprego é de un 28,59%.

Diferenciando por sexos a análise, un 59,46% dos homes galegos parados encontra traballo en menos dun ano, as mulleres un 43,95%. A poboación parada feminina que tarda 2 ou máis anos en atopar traballo é dun 34,36%, a porcentaxe no caso dos homes é dun 18,92%.

7. POBOACIÓN INACTIVA

A poboación inactiva en Galicia reduciuse entre o ano 2002 e o 2003 nun 3,13%, no ámbito nacional fíxoo nun 1,56%. Por provincias foi A Coruña a que máis reduciu a súa poboación inactiva (un 6,07%) seguida de Pontevedra (3,02% menos) e Lugo (1,12%) e tan só Ourense a incrementou nun 3,46%.

Destaca a diminución dun 13,33% da poboación incapacitada permanentemente que se produciu en Galicia no ano 2003 respecto ao ano 2002, mentres que para o conxunto de España este grupo de poboación inactiva reduciuse en tan só un 3,05%. Os inactivos dedicados ás labores do fogar diminuíron en Galicia de xeito semellante no ámbito nacional, 2,83% fronte a un 2,84%, o mesmo que o número de xubilados, retirados e pensionistas aumentaron un 1,24% fronte o 1,26 de España. Por provincias, o número de incapacitados permanentes incrementouse tan só en A Coruña (3,55%), mentres que se reduciu en Lugo (35,04%), en Ourense (23,33%) e, en menor medida, en Pontevedra (4,69%).

Outro grupo de inactivos, ou de estudantes, reduciron a súa poboación en tres das catro provincias galegas, en todas agás en Lugo que aumentou (3,69%). Así mesmo, incrementouse o número de inactivos retirados, xubilados ou pensionistas, en Lugo nun 3,63%, en Pontevedra nun 3,84% e en Ourense nun 6,25%.

O gráfico 10 reflexa que, para o conxunto de Galicia, a poboación inactiva feminina é do 62,71% e a masculina do 37,29%. Por provincias Lugo é a provincia con menor porcentaxe de poboación inactiva feminina seguida de Ourense, A Coruña e Pontevedra.

8. MEDICIÓN

8.1. Á vista dos datos analizados consideramos que un dos aspectos prioritarios de Galicia é reducir a taxa de paro, polo que un primeiro indicador a ter en conta para

medir a situación do noso mercado laboral será a taxa de emprego e o obxectivo a acadar será conseguir unha taxa de paro do 5% en Galicia para o ano 2015:

T = Poboación Parada Total/Poboación Total de 16 anos ou máis (%)

Galicia	España	Unión Europea-15	Obxectivo 2015
12,2	11,4	-	5

8.2. Para analizar a calidade no emprego teremos en conta un indicador agregado composto por 4 índices:

* A taxa de emprego feminina posto que conta cunha ampla marxe de actuación e os criterios establecidos polo Consello Europeo de Lisboa do ano 2.000 sobre emprego establecen que se debería acadar unha taxa de ocupación superior a un 60%.

T = Poboación ocupada feminina/Poboación total feminina de 16 anos ou máis (%)

Galicia	España	Unión Europea-15	Obxectivo 2010
34,3	35	57	>60

* Outro dos indicadores a ter en conta para analizar a calidade do emprego será a taxa de temporalidade:

T = N° empregos temporais/N° empregos totais (%)

Galicia	España	Unión Europea-15	Obxectivo
34,8	31,0	-	10

* Outro dos obxectivos en materia laboral será reducir as diferenzas salariais existentes entre homes e mulleres, obxectivo cuxa evolución medirase co seguinte indicador:

T = Ganancia media traballador-mes mulleres/Ganancia media traballador-mes homes

Galicia	España	Unión Europea-15	Obxectivo
69,1	75,4	-	100

* Igualmente considérase necesario reducir o número de parados de longa duración na nosa comunidade, para o cal medirase a súa evolución co seguinte indicador:

T = Poboación parada longa duración (busca de emprego durante 2 ou máis anos)/Poboación parada total

Galicia	España	Unión Europea-15	Obxectivo
27,9	22,1	-	5

9. MEDIDAS PROPOSTAS

- Reducir o tempo que transcorre entre a finalización dos estudos dos novos e o acceso ao primeiro contrato de traballo.
- Reducir a proporción de mozos que nunca traballaron.

- Posibilidade de que as baixas por maternidade ou enfermidade grave se subvencionen coa contratación dun /a substituto /a.
- Aumentar as axudas aos desempregados para atopar emprego.
- Reformar as prestacións de desemprego con mecanismos que incentiven o traballo.
- Conseguir unha poboación activa máis cualificada a través do fomento da Formación Profesional.
- Medidas de apoio á maternidade das mulleres traballadoras, tanto con bonificacións aos seus empregadores como axudándoas a costear o coidado dos seus fillos.



B) Cohesión social

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. ÁMBITOS E INDICADORES**
 - 2.1. Renda**
 - 2.2. Vivenda**
 - 2.3. Sanidade**
 - 2.4. Educación**
- 3. MEDICIÓN**
- 4. MEDIDAS PROPOSTAS**

1. INTRODUCCIÓN

Dende fai algúns anos, a Unión Europea vén considerando a integración social un pilar básico da súa estratexia global para converterse en “a economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, capaz de medrar economicamente de maneira sostible, acompañada dunha mellora cuantitativa e cualitativa do emprego e dunha maior cohesión social” – obxectivo estratéxico da UE para o decenio 2001-2011.

O Consello Europeo, reunido en Niza en decembro de 2000 estableceu formalmente unha estratexia europea para a cohesión social e contra todas as formas de exclusión. Neste sentido, aprobou os obxectivos:

- Fomento da participación no emprego e o acceso aos recursos, dereitos, bens e servizos por parte de todos
- Prevención dos riscos de exclusión.
- Actuación a favor dos máis vulnerables.

Polo tanto, unha sociedade sostible será aquela na que existe equidade nas retribucións e oportunidades pola participación na vida económica e social.

A cohesión social como obxectivo básico na EGDS deberá asegurar a cobertura dunhas necesidades sociais básicas para todos os seus membros. Para isto, as Administracións Públicas en primeiro lugar, xunto con determinadas organizacións, de forma secundaria, son quen deben xogar un papel fundamental para a integración dos grupos sociais máis desfavorecidos.

2. ÁMBITOS E INDICADORES

No económico, a distribución da renda segue sendo un gran reto para as sociedades modernas. A sociedade de consumo na que vivimos fai da renda un factor fundamental para a integración ao situar socialmente ás persoas posibilitando ou limitándolles o acceso á oferta de bens e servizos de mercado.

O acceso á vivenda, xunto coas súas condicións de confortabilidade, son un aspecto básico para a cohesión social ao permitir a transformación dos inmobles en fogares que son as variables fundamentais do sistema socioeconómico vixente. Por un lado como integradores sociais e núcleos en torno aos que se desenvolven as familias.

Unha cobertura sanitaria adecuada para todos é imprescindible para o control da saúde, pois este non é un tema que se poida acotar xa que a existencia de grupos excluídos representaría un problema potencial para o conxunto da sociedade.

A educación é outro dos piares básicos para o desenvolvemento sostible dunha comunidade. O efecto que ten en todas as demais variables e a exclusión directa (analfabetismo no extremo) e indirecta (acceso a determinados empregos) que xera son motivos que xustifican suficientemente a súa inclusión na elaboración do indicador sintético de cohesión social.

Para cada un destes ámbitos defínense os indicadores necesarios que permitan tanto avaliar a situación da sociedade galega nun ano determinado, como realizar comparacións temporais e espaciais.

2.1. Renda

A renda é a variable fundamental en calquera análise de cohesión social polo alto grao de interdependencia e afectación para coas demais variables. Máis renda afecta positivamente en todas as demais variables pero unha distribución concentrada pode anular este efecto positivo.

Pola súa parte, o acceso á renda está afectado polas posibilidades laborais en primeira instancia e como aspecto máis destacable, pero tamén polo nivel de educación ou formación, a saúde, as condicións sociais e de sociabilidade, unha vivenda comfortable...

Aínda que non serán consideradas para medir a cohesión social, imos presentar unha serie de datos para as variables tradicionais de medición da renda que enmarquen o contexto no que se moven as variables si tomadas en consideración.

Táboa 1

RENDAS MEDIAS

Renda media por fogar ⁴² (€/ano)		Renda media por persoa ⁴³ (€/ano)	
Madrid	23.186,00	Cataluña	7.388,00
Cataluña	21.417,00	Baleares	7.205,00
Baleares	21.177,00	Madrid	7.194,00
Navarra	20.660,00	Navarra	6.847,00
Aragón	19.407,00	País vasco	6.542,00
Cantabria	19.287,00	Aragón	6.522,00
País Vasco	19.160,00	A Ríoxa	6.304,00
España	18.375,00	Castela e León	5.910,00
Asturias	18.349,00	Asturias	5.902,00
Galicia	18.051,00	España	5.898,00
A Ríoxa	17.829,00	Comunidade Valenciana	5.500,00
Canarias	17.556,00	Cantabria	5.311,00
Castela-León	17.369,00	Galicia	5.260,00
Murcia	16.179,00	Canarias	5.118,00
Comunidade Valenciana	16.131,00	Murcia	4.844,00
Andalucía	15.245,00	Castela-A Mancha	4.815,00
Castela-A Mancha	14.451,00	Andalucía	4.583,00
Extremadura	12.553,00	Extremadura	4.104,00

Fonte: INE. Valorado sobre ingresos netos. Ano 1999

A estrutura dos fogares galegos sitúa as rendas medias por fogar próximas a media española mentres que a renda media por persoa está por debaixo da media nacional, o que pon de manifesto unha maior eficiencia na estrutura social.

Pero a renda ou os ingresos non son a única variable a ter en conta para valorar a capacidade de pago. Pódese obter unha maior proximidade a este concepto relacionando o nivel de renda co índice de prezos o consumo (IPC).

Galicia en termos de poder adquisitivo sitúase arredor da media nacional, presentando un dato de IPC (base 1992) para 2001 de 136,5, tan só 0,8 puntos por encima da media española.

A nova metodoloxía da Sondaxe de Condicións de Vida elaborada polo IGE fai que os datos actuais (2002) non sexan comparables con outros anteriores, pero así mesmo introduce un maior análise polo miúdo do estudo.

Táboa 2

RENDA MEDIA POR PROVINCIAS

Renda media por fogar (€/mes)	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
	1.437	1.387	1.291	1.517	1.437

Fonte: IGE. Enquisa de Condicións de Vida das Familias. Ano 2002

No estudo provincial dos datos obsérvase que os maiores niveis de renda en Galicia se sitúan nas provincias do litoral atlántico.

⁴² Renda media por fogar: media por CCAA, de todas as remuneracións (de mercado e/ou sociais) percibidas polos compoñentes de dos fogares ó longo dun ano.

⁴³ Renda media por persoa: media por CCAA, de todas as remuneracións (de mercado e/ou sociais) percibidas por individuo ó longo dun ano.

A continuación preséntanse datos referentes á porcentaxe de familias que consideran que non se poden permitir unha serie de gastos.

Táboa 3

% DE FAMILIAS QUE NON SE PODEN PERMITIR GASTOS

	Calefacción adecuada na vivenda	Vacacións polo menos unha semana ao ano	Renovar parte do mobiliario	Mercar prendas de vestir novas	Convidar a amigos ao menos unha vez ao mes
España	44,6	42,4	46,4	7,2	8,5
Andalucía	71,7	59,7	54,5	7,7	6,9
Aragón	27	15,9	20,6	..	..
Asturias	37,1	44,8	42	8,3	10,3
Baleares	48	34,3	48,9	5,3	8,8
Canarias	83,3	52	56,3	11,8	18,2
Cantabria	47,7	54,3	49	8,9	7
Castela-León	33,9	40,2	47,4	7,4	7,5
Castela-A Mancha	35,9	44,9	53,1	2,8	5,4
Cataluña	33,3	32,5	33,5	5,6	6,1
Comunidade Valenciana	58,9	42	47,9	9,1	9,4
Extremadura	68,1	58,6	47,1	6,1	15,1
Galicia	45,8	56,7	52,1	9,1	11,1
Madrid	11,7	28	49,2	7,7	11,9
Rexión de Murcia	66,1	61	64,7	6,9	8,3
Navarra	20,6	23,2	32,1	3,7	4,4
País Vasco	35	33,3	40,4	8,4	6,9
A Rioxa	15,5	29,9	43,7	6,8	10,3

Fonte: INE. Datos 1999

As transferencias sociais contribúen a afastar aos individuos do risco de pobreza. ao mesmo tempo, a outra cara da moeda é que, en caso de carecer desas transferencias unha parte da poboación empeoraría a súa situación en termos de renda, aumentando as desigualdades e a poboación por debaixo dos limiares de pobreza.

Táboa 4

% DE FOGARES QUE PERCIBEN PRESTACIÓNS SOCIAIS

Asturias	65,1
Galicia	63,9
Extremadura	61,1
Cantabria	58,6
Castela-A Mancha	57,2
Andalucía	57,1
Canarias	55,4
Murcia	55
Castela-León	53,3
España	51,7
Aragón	50,7
Cataluña	49,6
Navarra	48,9
Comunidade Valenciana	48,5
Baleares	48
País vasco	46,5
A Rioxa	43,7
Madrid	36,6

Fonte: INE. Datos 1999

Se vemos os datos dos fogares galegos segundo a fonte principal de ingresos chama a atención o número importante de fogares cuxa fonte de ingresos principal son as prestacións. É dicir que estas non representan un complemento senón que para o 39,95% dos fogares galegos son a principal fonte de ingresos.

Táboa 5

DISTRIBUCIÓN DOS INGRESOS NOS FOGARES SEGUNDO O TIPO (%)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Traballo	59,56	51,31	47,60	64,50	58,44
Prestacións	38,92	47,02	50,23	34,04	39,95
Rendas	0,75	0,59	1,18	0,98	0,75
Outros ingresos	0,77	1,07	0,98	0,84	0,86

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Módulo ingresos e gastos do fogar. Ano 2002.

A demografía é unha das causas máis importantes para explicar esta situación. O constante e continuo envellecemento da poboación dálle un peso cada vez maior ás persoas xubiladas co conseguinte aumento do peso das pensións na distribución segundo procedencia das rendas galegas.

Por esta mesma razón Lugo e Ourense son as provincias con maior porcentaxe de prestacións.

Indicador sintético para a renda

Hai moitos aspectos que se poden considerar para valorar a situación dunha comunidade en termos de renda, pero a EGDS centrase na medición e valoración de dous aspectos fundamentais en coherencia co conxunto de indicadores de cohesión social europeos aprobados en Laeken:

- **para valorar a distribución da renda**, o índice de Gini que mide a concentración de renda a través dun método facilmente interpretable: canto máis próximo estea a un, menos equitativo é o reparto da renda e ao contrario, canto máis próximo estea a cero máis equitativo será o reparto.
- **para medir a pobreza** utilizaremos o dato de persoas por debaixo do soleira de pobreza definido no 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo (INE).

Distribución da renda

A desigualdade dunha variable económica fai referencia ao grao da súa dispersión entre a poboación. No caso da renda indícanos a distancia á que se atopa a actual distribución respecto da situación hipotética na que todos os individuos dispoñen do mesmo nivel de renda.

A axencia estatística europea Eurostat utiliza un ratio de distribución da renda que relaciona a renda total recibida polo 20% da poboación máis rica (última quintila ou C80) e a recibida polo 20% da poboación máis pobre (primeira quintila ou C20).

Táboa 6

DISTRIBUCIÓN PERSOAL DA RENDA DINERARIA DOS ESPAÑOIS

	Quintilas		Ratio (C80/C20)
	Inferior	Superior	
1992	7,37	43,09	5,85
1993	7,36	43,19	5,87
1994	7,51	43,23	5,76
1995	7,55	43,24	5,73
1996	7,6	43,2	5,68
1997	7,69	43,14	5,61
1998	7,88	42,8	5,43
1999	7,84	43,25	5,52
2000	7,93	42,92	5,41
2001	7,97	42,79	5,37
2002	7,97	42,73	5,36

Fonte: calculado a partir das Sondaxes de Orzamentos Familiares elaboradas polo INE

Podemos apreciar unha evolución positiva do ratio dende 5,85 en 1992 a 5,37 en 2002. Isto quere dicir que en 2002 o 20% dos fogares con rendas máis altas aglutinan 5,37 veces a renda do 20% máis baixo.

Como comentamos anteriormente, o índice de Gini é o indicador máis utilizado para medir a concentración das rendas, principalmente pola súa fácil interpretación. Pola súa parte, o IGE comezou a elaborar unha publicación por módulos, con carácter anual e baseada na Sondaxe de Condicións de Vida das Familias. Un destes módulos presenta datos relevantes respecto dos ingresos e gastos do fogar e nel inclúense os índices de Gini para as catro provincias galegas co que poderemos medir a súa evolución no tempo.

Táboa 7

ÍNDICE DE GINI

A Coruña	0,302
Lugo	0,293
Ourense	0,308
Pontevedra	0,317
Galicia	0,307

Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2002

O índice de Gini para Galicia toma un valor de 0,307, sendo Pontevedra a provincia cunha distribución da renda menos homoxénea entre os fogares mentres que Lugo presenta o reparto máis equitativo.

Esta é unha medida de valoración interna polo que depende especialmente das propias características da comunidade que esteamos estudando. Ademais, como o propio índice incorpora unha escala de medición propia, podemos facer valoracións sobre o dato sen necesidade de buscar puntos de referencia externos.

É significativo que canto máis próximos a un (elevada concentración) estean os valores do índice de Gini maior será o atraso da comunidade en cuestión. O índice de Gini é unha medida relativa e polo tanto, en sociedades con rendas mínimas máis altas,

grandes diferenzas de renda en termos absolutos, significan menores distancias en termos relativos.

Pobreza

Aínda que o estudo da desigualdade é básico en calquera análise da distribución da renda, e que a poboación por debaixo do limiar da pobreza pode analizarse cos datos do índice anterior, pola súa característica de exclusión extrema, a proporción de poboación socialmente excluída por motivos de renda debe ser explicitada.

O concepto de exclusión social por motivos de renda abordarase dende dúas perspectivas: a de pobreza relativa e a pobreza multidimensional, que analizaremos posteriormente.

Segundo a propia definición estipulada pola Comisión Europea entenderemos por pobre, aquel individuo que ten recursos (materiais, culturais e sociais) tan limitados que queda excluído do mínimo nivel de vida aceptable no seu arredor cada ano.

A pobreza é un fenómeno claramente estratificado. Para a súa valoración atenderemos ao criterio amplamente contrastado que adoptando a tradicional perspectiva económica da renda como indicador básico recolle os conceptos utilizados habitualmente:

- **Precariedade económica**, que inclúe á poboación situada entre o 50 e o 35 por 100 da renda media.
- **Pobreza moderada**, aludindo a aqueles que se sitúan no intervalo de 25 a 35 por 100 da renda media.
- **Pobreza grave**, que afecta a quen posúen rendas de entre o 15 e o 25 por 100 da media.
- **Pobreza extrema**, que caracteriza ao colectivo de quen non superan o 15 por 100 da renda media.

Segundo o limiar de risco de pobreza fixado anteriormente no 60% da renda mediana equivalente, os datos de poboación por debaixo do limiar da pobreza para Galicia son os seguintes:

Táboa 8

% DE FOGARES BAIXO O LIMIAR DE POBREZA

A Coruña	7,4
Lugo	6,9
Ourense	10,5
Pontevedra	6,7
Galicia	7,5

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Módulo condicións no traballo 2001.

Podemos apreciar o valor especialmente destacado da provincia de Ourense cun 10,5% de fogares por debaixo do limiar da pobreza. Séguelle A Coruña (7,4%) a certa distancia mentres Pontevedra (6,9%) e Lugo (6,7%) teñen cifras similares.

Táboa 9

% DE POBOACIÓN POR DEBAIXO DO LIMIAIR DE POBREZA ESPAÑOL

	Adultos	Persoas
Baleares	9,7	8,8
Cataluña	8,4	9,4
Navarra	8,4	9,4
Madrid	8,7	11
Aragón	10,4	11,4
Asturias	10,9	12,1
Cantabria	12,2	12,3
A Ríoxa	12,8	12,4
País vasco	10,6	12,6
Castela-León	18,1	18,3
Galicia	17,7	18,3
España	17,1	18,4
Comunidade Valenciana	19,6	21,2
Canarias	21,5	22,6
Murcia	21	23
Castela-A Mancha	26,7	28,2
Andalucía	28,8	28,8
Estremadura	39,8	40,8

Fonte: INE. Datos 2001

Os datos presentados na táboa anterior amosan a situación de pobreza da poboación galega respecto a España e o resto de CCAA. Galicia presenta un dato moi similar á media española.

2.2. Vivenda

Ó igual que nos demais casos considerados de variables sociais, a vivenda é un dereito de toda a poboación. Este dereito a unha vivenda digna, ademais de estar recollido expresamente na Constitución Española, inflúe decisivamente noutras importantes variables representativas para a cohesión social, co que se debe recoñecer a vivenda como unha das claves nos fenómenos da pobreza e a exclusión.

As carencias no ámbito da vivenda poden encadearse fácil e directamente con outras variables sociais. Así, variacións nas condicións mínimas de habitabilidade da vivenda poden afectar:

- **á demografía:** como elemento básico para a creación de novos fogares se se facilita o acceso para os novos;
- **á renda:** o gasto en vivenda é un importante compoñente do gasto nos orzamentos familiares que reduce considerablemente a cantidade renda dispoñible para cubrir outras necesidades;
- **á saúde:** son básicas cunhas condicións de salubridade mínimas en calquera vivenda que pode transformarse facilmente en foco de infeccións e contaxio;

Outra amosa da importancia social que se gañou a vivenda ten que ver coa cantidade de renda que consome. Dende o punto de vista familiar, o gasto en vivenda é o máis

importante na nosa economía. O seguinte cadro amosa o gasto medio por persoa en España, a súa especificación por grupos de gasto e a evolución de 1998 a 2000.

Táboa 10

GASTO MEDIO POR PERSOA E GRUPO DE GASTO PARA ESPAÑA

	1998		1999		2000	
Alimentos e bebidas non alcohólicas	1.026,43	19%	1.049,46	18%	1.143,45	18%
Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos	140,64	3%	140,76	2%	153,26	2%
Artigos de vestir e calzado	393,87	7%	428,18	7%	480,12	7%
Vivenda, auga, electricidade e outros combustibles	1.631,84	30%	1.787,07	31%	1.934,63	30%
Mobiliario, equipamento do fogar e gastos correntes de conservación	256,48	5%	262,21	5%	316,05	5%
Saúde	128,33	2%	129,96	2%	136,46	2%
Transportes	642,5	12%	680,58	12%	731,83	11%
Comunicacións	103,46	2%	113,41	2%	125,46	2%
Ocio, espectáculos e cultura	318,16	6%	324,25	6%	383,37	6%
Ensinanza	73,03	1%	75,93	1%	78,88	1%
Hoteis, cafés e restaurantes	483,97	9%	499,8	9%	564,95	9%
Outros bens e servizos	274,48	5%	295,63	5%	360,16	6%
GASTO MEDIO POR PERSOA	5.473,20	100%	5.787,24	100%	6.408,63	100%


Fonte: INE. Enquisa continúa de orzamentos familiares. Base 1997

O primeiro aspecto destacable é que o reparto do gasto é unha variable constante no tempo, pero o máis importante é o peso específico do gasto en vivenda, auga, electricidade e outros combustibles, que se sitúa moi por encima de todos os demais conceptos, cun 30% do gasto medio por persoa.

No caso da compra de vivenda, os galegos dedican o 39,9% da renda, proporción por debaixo da media española (55,3%) e lonxe da Comunidade de Madrid (rexión na que o esforzo é o máis importante).

Gráfico 4

% DO CUSTO DA HIPOTECA SOBRE A RENDA



Fonte: Caixa Catalunya a partir de datos do INE. Ano 2003

*Cálculo realizado cun tipo de interés do 4,3% e un período de amortización de 15 anos

Indicadores para a situación do acceso á vivenda en Galicia

Ademais, existen moitas outras variables que poderíamos tratar de medir no ámbito da integración social por motivos de vivenda. Dentro dos obxectivos e do interese da EGDS, non obstante, trátase de valorar dunha maneira xeral as posibilidades de acceso á vivenda dos galegos e a súa posición relativa dentro de España. Para isto o indicador que utilizaremos é o peso que ten o gasto en vivenda nos ingresos familiares.

Utilizarase un ratio que relaciona o prezo medio por m² coa renda media por fogar.

Táboa 11

RATIO DE ACCESO Á VIVENDA

Murcia	0,04061
Galicia	0,04066
Extremadura	0,04150
Castela-A Mancha	0,04166
Aragón	0,04797
Comunidade Valenciana	0,04897
Asturias	0,04948
A Rioxa	0,05205
Andalucía	0,05274
Castela-León	0,05285
Cantabria	0,05511
España	0,05585
Navarra	0,05649
Canarias	0,06414
Cataluña	0,06612
Baleares	0,06875
Madrid	0,07392
País vasco	0,08930

Fonte: Elaboración propia

Este ratio viría a representar a parte da renda familiar anual necesaria para mercar un m² de vivenda. Se o multiplicamos polos metros cadrados da vivenda daría como resultado o número de veces que é necesaria a renda dun ano para pagar unha vivenda.

Por exemplo: Para mercar unha vivenda de 100 m², en Galicia, fai falta 4,06 anos de renda dedicada integramente.

Os datos sitúan a Galicia nos primeiros postos en canto a posibilidades de acceso á vivenda. Estes resultados son coherentes cos presentados anteriormente do estudo da Caixa Catalunya respecto á carga financeira da compra de vivenda.

Esta situación favorable vese favorecida en gran medida porque, con 2.712 vivendas de nova construción financiadas polo Plano de Vivenda 2002-2005 ata o 31 de novembro de 2003, Galicia sitúase como a cuarta comunidade autónoma na que máis vivendas protexidas constrúense, superada unicamente polas comunidades de Andalucía, Madrid e Valencia, tendo en conta que a poboación de calquera destas CCAA, multiplica por máis de dous á galega.

2.3. Sanidade


A cobertura sanitaria dunha comunidade é outra das principais variables de sostibilidade e cohesión social. Non é sostible un crecemento que poña en perigo a saúde da poboación nin tampouco un crecemento a costa da redución de prestacións sanitarias ou na que se detecten desigualdades no acceso á sanidade.

Unha boa asistencia sanitaria, ao igual que un medio ambiente seguro, son elementos básicos do progreso social. O xeito en que unha sociedade coida dos seus membros máis febles é indicador da súa propia saúde e sostibilidade. Neste marco de actuacións a equidade é ineludible.

O seguinte gráfico representa unha autovaloración da saúde cidadá que é unha medida amplamente utilizada para a medición do nivel do estado de saúde. Esta valoración faise sobre as respostas dunha mostra da poboación á pregunta: como diría vostede que foi o seu estado de saúde no último ano: moi bo, bo, regular, malo ou moi malo?

Gráfico 2

AUTOVALORACIÓN DA SAÚDE



Fonte: OMS. Organización Mundial de Saúde

A labor de prevención sanitaria abarca moitos aspectos nos que caben múltiples consideracións (a calidade do medio ambiente, o control das prácticas industriais, a propia prevención cidadá, os hábitos sociais...) O papel da propia cidadanía é fundamental. Todas estas consideracións fan da prevención unha variable difícil de medir e complicada de valorar.

A cohesión social en materia sanitaria analizarase a través da equidade na cobertura sanitaria da poboación e para facelo apoiárase en dous indicadores: as listas de agarda para atención cirúrxica e de consultas externas e os recursos humanos sanitarios.

Indicadores para a sanidade

Listas de agarda

Das conclusións do estudo realizado polo Centro de Investigación en Economía do Benestar do Parque Científico de Barcelona no que compara as carteiras de prestacións da sanidade pública nos distintos países da UE, extraíense como puntos negros do sistema español as listas de agarda para intervencións cirúrxicas, así como para probas diagnósticas e especialistas.

Pola súa parte, en 2003, un estudo realizado polo Defensor do Pobo sobre as listas de agarda no Sistema Nacional de Saúde fai explícita nas súas conclusións que “no noso Sistema Nacional de Saúde concorren demoras clínicas e socialmente inaceptables na prestación sanitaria.”

Como se pode apreciar pola importancia social que se lle concede a este aspecto, o indicador de listas de agarda asemella suficientemente aceptable para avaliar a cobertura sanitaria dunha sociedade.

Dada a relevancia que tanto dende o punto de vista social como dende a Administración entrañan as listas de agarda, trataranse de estudar os períodos medios de agarda en lista para a atención sanitaria.


Os datos que se presentan a continuación veñen detallados en dous epígrafes (lista de agarda cirúrxica e lista de agarda de consultas externa) xa que as unidades dos intervalos de tempo de agarda son significativamente diferentes:

- **Lista de agarda cirúrxica:** Número total de pacientes pendentes de intervención cirúrxica programada (pacientes con indicación non urxente dun procedemento diagnóstico ou terapéutico, establecido por un médico especialista cirúrxico e aceptado polo paciente, e para cuxa realización o hospital ten prevista a utilización de quirófano).
- **Lista de agarda en consultas externas de atención especializada:** Número total de pacientes en agarda para primeira consulta externa (a efectuada a un paciente, por primeira vez, nunha unidade asistencial concreta e por un proceso novo, segundo criterio do médico prescriptor).


En termos xerais e como referencia o seguinte gráfico danos unha visión global da situación.

Gráfico 3

LISTA DE AGARDA CIRURXÍA



LISTAS DE AGARDA CONSULTAS EXTERNAS



Fonte: Servizo Galego de Saúde

No estudo do Defensor do Pobo antes mencionado destácase as dúas características das que, en ningún caso se pode eximir á sanidade pública: a globalidade (para todos os cidadáns) e a equidade (para todos por igual). Neste sentido é que as conclusións do citado estudo reflicten a situación de exclusión na que se atopa cada paciente en lista de agarda independentemente do número relativo que representen respecto ao total de atencións sanitarias.

Polo que respecta a Galicia, podemos contrastar a validez das mesmas conclusións do informe do Defensor do Pobo sobre as listas de agarda en España: a exclusión do sistema sanitario non ten cabida nunha sociedade moderna.

Médicos por cada 100.000 habitantes


Ante a problemática que entrañan os datos relativos a listas de agarda, considérase outro indicador significativo para medir a cobertura sanitaria: o número de médicos colexiados por cada 100.000 habitantes.

A colexiación é obrigatoria para todos aqueles profesionais que estean exercendo. Non obstante existen profesionais que non exercen e están colexiados de forma voluntaria (están traballando noutra actividade, están parados, xubilados)⁴⁴.

⁴⁴ Os estomatólogos que obtiveron o título de Estomatoloxía ou Odontoloxía como especialidade da carreira de Medicina, non teñen porqué estar colexiados no Colexio de Médicos exerce como Odontólogos. A pesar desta consideración, os datos presentados proceden de listas pechadas que non implican a subxectividade na súa cuantificación co que se facilitan en gran medida as comparacións.

Gráfico 4

MÉDICOS COLEXIADOS POR 100.000 HABITANTES UE



Fontes: INE, Anuario Estadístico de España para os datos de España CCAA
EUROSTAT: Base de datos Newcronos

España é o terceiro país europeo en número de médicos por cada 100.000 habitantes. Galicia sitúase con respecto a Europa no quinto posto.

Ante esta situación é lóxico concluír que o problema da sanidade en España e Galicia poderíase solucionar a través dunha xestión máis eficiente dos recursos xa existentes. Aínda que o seu papel é fundamental na súa estrutura, os médicos non son o único recurso que afecta á cobertura sanitaria, nin sequera son o único recurso humano.

Neste sentido se engadimos aos datos anteriores de médicos por cada 100.000 habitantes, os datos non recollidos que inclúan odontólogos/estomatólogos, farmacéuticos e ATS/diplomados en enfermería, a situación varia substancialmente e a posición de España deixa de ser destacada.

Para a comparación interna en España existen datos por CCAA ata 2000: Nesta segunda análise, Galicia mellora e recupera terreo coa media española pasando dun 86,7% a un 88,3%, unha recuperación de 1,6 puntos porcentuais en dous anos.

Táboa 12

PROFESIONAIS SANITARIOS COLEXIADOS POR 100.000 HABITANTES (2000)

Navarra	1.585,75
Madrid	1.372,71
Aragón	1.318,02
Cantabria	1.248,25
Asturias	1.236,91
Cataluña	1.209,4
País Vasco	1.201,55
Castela-León	1.196,32
A Rioxa	1.139,87

España	1.126,11
Estremadura	1.060,67
Comunidade Valenciana	1.043,29
Baleares	1.039,19
Galicia	994,95
Andalucía	991,73
Ceuta e Melilla	973,76
Castela-A mancha	927,86
Murcia	925,43
Canarias	903,44

Fonte: INE, Anuario Estadístico de España

Respecto a Europa podemos ver que o os datos de España e Galicia vense moi afectados polo número profesionais na categoría de odontólogos e estomatólogos e máis especialmente polos ATS e diplomados en enfermería que poden xogar un papel fundamental na prevención.

Táboa 13

% DE PROFESIONAIS POR CATEGORÍA POR CADA 100.000 HABITANTES

Médicos		Odontólogos e estomatólogos		Farmacéuticos		ATS e diplomados en enfermería	
Italia	583,3	Grecia	113,7	Finlandia	145	Finlandia	2.165,1
España	435,8	Finlandia	93,9	Bélxica	144,9	Irlanda	1.597,5
Grecia	425,8	Suecia	86,7	Galicia	132,16	Holanda	1.259,6
Bélxica	395,3	Alemaña	75,9	España	118,8	Dinamarca	1.014,6
Suecia	389,5	Bélxica	69,7	Italia	105,9	Alemaña	956,6
Galicia	369,73	Francia	67,2	Francia	100,2	Reino Unido	904,1
Alemaña	349,8	Luxemburgo	60,7	Grecia	83,4	Austria	889,7
Francia	326,4	Italia	54,6	Portugal	75,4	Suecia	831,4
Dinamarca	313,6	Dinamarca	51,1	Irlanda	74,8	Luxemburgo	746,8
Portugal	312,2	Irlanda	46,4	Luxemburgo	68,9	Francia	636,7
Luxemburgo	306,6	Holanda	46,1	Suecia	67,4	España	489,5
Austria	301,8	Austria	44,8	Alemaña	63,6	Italia	455,2
Finlandia	299,9	Reino Unido	43,7	Austria	53,7	Galicia	393,63
Holanda	294,5	Galicia	41,04	Dinamarca	45,4	Grecia	389,4
Irlanda	219,3	España	41	Holanda	18,7	Portugal	379,1
Reino Unido	172,2	Portugal	33,4	Reino Unido	0	Bélxica	0

Fontes: INE, Anuario Estadístico de España para os datos de España e Galicia; EUROSTAT, Base de datos Newcronos, para o resto países da UE. Ano de referencia 1998, período para o que máis datos comparables existen.

Táboa 14

PROFESIONAIS SANITARIOS COLEXIADOS POR 100.000 HABITANTES

Médicos		Odontólogos/ estomatólogos	
Aragón	575,55	Madrid	66,35
Madrid	557,48	País Vasco	55,39
Navarra	537,24	Asturias	48,83
Asturias	508,5	Baleares	48,57
Castela-León	478,69	A Ríoxa	45,84
Cantabria	474,24	Navarra	43,95
País Vasco	473,74	Galicia	43,91
Cataluña	462,63	España	43,71
España	446,23	Cantabria	42,34
A Ríoxa	435,43	Aragón	42,03
Baleares	425,64	Comunidade Valenciana	41,01
Comunidade Valenciana	422,02	Cataluña	40,85
Andalucía	397,08	Murcia	40,85
Galicia	388,64	Andalucía	39,93
Murcia	382,51	Castela-León	36,03
Canarias	374,78	Canarias	34,68

Estremadura	365,51	Castela-A mancha	26,14
Castela-A mancha	349,46	Estremadura	23,41
Ceuta e Melilla	325,77	Ceuta e Melilla	19,16
Farmacéuticos		ATS/diplomados en enfermería	
Navarra	188,97	Navarra	815,59
Madrid	149,14	Cantabria	622,8
Castela-León	141,31	Madrid	599,74
Galicia	140,95	Aragón	579,23
Estremadura	131,93	Cataluña	574,83
Cataluña	131,09	Asturias	571
A Rioja	127,36	País Vasco	559,56
España	126,51	Ceuta e Melilla	559,28
Comunidade Valenciana	125,37	Castela-León	540,29
Castela-A mancha	121,51	Estremadura	539,82
Aragón	121,21	A Rioja	531,24
Baleares	118,99	España	509,66
País Vasco	112,86	Comunidade Valenciana	454,89
Andalucía	111,94	Baleares	445,99
Murcia	110,65	Andalucía	442,78
Cantabria	108,87	Castela-A mancha	430,75
Asturias	108,58	Galicia	421,45
Canarias	98,8	Canarias	395,18
Ceuta e Melilla	69,55	Murcia	391,42

Fontes: INE, Anuario Estadístico de España. Datos año 2000

Pola súa parte, pódese observar na táboa como a situación de cobertura sanitaria de Galicia dentro do conxunto de España vén sela mesma que para España entre os demais países da UE, destacando a carencia de ATS e diplomados en enfermería respecto aos demais sistemas de saúde en Europa.

A pesar de que existen importantes diferenzas en canto ás cifras absolutas, os ratios fixados como necesarios de ATS e persoal de enfermería por cama cúmprense estritamente, por iso, aínda que é claramente evidenciable unha carencia de ATS e Diplomados en enfermería, isto non significa necesariamente que sexa a causa dos problemas do sistema de saúde, pero si é certo que podería axudar a mitigar os en canto á xestión e realización de tarefas básicas.

Mortalidade por accidentes de tráfico

É imprescindible, ao tratar temas de saúde, facer unha referencia á mortalidade por accidentes de tráfico pola importante incidencia que estas defuncións teñen sobre as taxas de mortalidade. Aproximadamente unhas dúas terceiras partes dos falecementos por accidentes antes dos 35 anos na UE son debidos ao tráfico cunha maior incidencia nos países do sur, entre eles España.

Un desenvolvemento sostible implica necesariamente a racionalización desta variable que é a principal causa de morte prematura na sociedade actual.

2.4. Educación

É unha variable social fundamental xa que existe unha relación directa entre educación e calidade de vida a través de moitos aspectos.

A educación intégrase no marco da cohesión social como o un proceso de transformación permanente, polo que os individuos, e a sociedade como colectivo, esfórzanse por acadar a realización plena.

Dende o punto de vista económico a relación entre educación e integración social é máis directa e substituínte. O capital humano é hoxe en día, unha variable máis dentro da función de produción. A educación transfórmase así nun dos factores básicos para a participación do proceso produtivo e a xeración de rendas salariais. Así mesmo a distribución da renda é menos desigual nos segmentos de maior nivel educativo.

A formación permanente da poboación, no inicio deste novo século será un dos factores esenciais para o desenvolvemento integral dos países en crecemento, facendo do capital intelectual dunha comunidade a súa riqueza máis importante.

Ao igual que se manifestou nas variables xa tratadas, as carencias relativas á educación afectan de forma significativa ás demais. É incuestionable a relación entre baixos niveis educativos e pobreza, tanto polos problemas de acceso a novos postos de traballo por persoas cunha menor preparación, como pola dificultade de manter o propio emprego ante o empuxe de xente con máis formación. Maiores niveis formativos reducen a posibilidade de chegar a estas situacións de desvantaxe. Polo tanto, a educación configúrase como un importante recurso na prevención de situacións de exclusión social.

Na sociedade da información e o coñecemento a educación pasa de considerarse un stock a ser unha variable fluxo que para manter a súa vantaxe comparativa debe estar sometida a un incremento continuo que será valorado no tempo. Esta característica de dinamismo está producindo un progresivo distanciamento entre os grupos máis preparados e aqueles con carencias formativas.

Ás carencias formativas básicas habemos de incorporar as dificultades de acceso aos novos avances tecnolóxicos. A poboación cunha formación máis limitada incrementa o seu grao de preparación a un menor ritmo que aquela cunha preparación maior co que aparece un novo foco de diverxencia especialmente manifesta no caso de uso das tecnoloxías da información e do coñecemento.

Aínda que na actualidade non é un aspecto moi significativo dentro do conxunto da poboación, a máxima exclusión posible en termos educativos é tradicionalmente o analfabetismo. Ora ben xa non é suficiente con saber ler e escribir, os avances nas tecnoloxías da información e a comunicación están xerando novos tipos de analfabetismo, o chamado analfabetismo dixital, que co tempo irá cobrando maior importancia e, polo tanto, será importante realizar un seguimento deste.

Pola súa parte, a comparación con Europa é un labor complicado xa que hai importantes diferenzas entre os sistemas educativos dos países, incluso dende os conceptos máis

básicos. As políticas educativas da UE traballan pola uniformidade educativa na UE pero aínda que se están conseguindo importantes avances, este marco global europeo de educación está aínda lonxe de ser unha realidade.

Indicadores para a educación

A Lei de Calidade da Educación aborda no artigo 96 a avaliación xeral do sistema educativo a través do Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo. Así mesmo, no artigo 98 da referida lei, establécese a elaboración periódica do Sistema Estatal de Indicadores da Educación.

O devandito sistema de indicadores subdivídese en *indicadores de contexto*, os cales expoñen a situación no contexto socioeconómico; *indicadores de recursos*, que dan conta do gasto en educación; *indicadores de escolarización*, relacionados coa escolarización e a súa evolución; *indicadores de procesos educativos*, que informan sobre a organización e funcionamento dos centros, práctica educativa e clima escolar; e *indicadores de resultados educativos*, que dan conta dos logros conseguidos polo sistema educativo.

Un dos indicadores de resultados recollidos no Sistema Estatal de Indicadores da Educación é a taxa de graduación, que foi ademais seleccionado como un dos indicadores prioritarios pola Unión Europea para a aplicación da Estratexia de Lisboa.

A taxa de graduación defínese como a relación entre o número de graduados en cada unha das ensinanzas consideradas respecto ao total da poboación na “idade teórica”⁴⁵ do devandito ensino.

Táboa 15

TAXAS BRUTAS DE GRADUADOS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA POST-OBRIGATORIA E UNIVERSITARIA POR CC.AA. CURSO 1999-2000

	Bacharelato /COU	Técnico auxiliar/Técnico	Técnico especialista /Técnico superior	Diplomatura	Licenciatura
España	45,2	9,2	17,3	14,4	18,3
Andalucía	42,9	7,9	12,2	11,8	13,1
Aragón	52,8	13,7	18,5	15,1	15,2
Asturias	59,1	13,5	23,3	17,2	13,9
Baleares	36,1	8,5	6,7	8,6	5,6
Canarias	33,3	6,3	17,9	8,9	10,9
Cantabria	43,6	11,7	24,4	10,1	11,9
Castela e León	52,6	12,0	17,2	24,6	21,7
Castela-A Mancha	40,7	7,5	9,7	12,6	5,9
Cataluña	42,3	11,0	24,7	16,7	17,5
Comunidade Valenciana	39,3	9,3	14,5	12,9	15,6

⁴⁵ As idades teóricas de finalización son:

Título de Bacharelato/COU: 18 anos

Técnico Auxiliar/Técnico: (Ciclo formativo de grao medio): 18 anos

Técnico Especialista/Técnico Superior (Ciclo formativo de grao superior): 20 anos

Diplomados Universitarios, arquitectos e enxeñeiros técnicos: 21 anos

Licenciados Universitarios, arquitectos e enxeñeiros: 23 anos.


Doutoramento: 25 anos

Estremadura	38,4	6,4	8,8	15,4	9,4
Galia	42,1	8,9	22,2	12,9	14,1
Madrid	54,9	6,8	17,9	14,6	32,3
Murcia	40,4	7,9	11,6	12,9	11,2
Navarra	48,1	14,0	27,9	16,3	30,8
País Vasco	63,6	14,1	26,1	18,0	25,6
A Ríoxa	47,0	10,7	18,9	17,2	6,8

Fonte: INCE “Sistema Estatal de Indicadores da Educación 2002”

No curso 1999-00, as taxas brutas de graduación galegas son aproximadamente: un 42% as de “bacharelato/ COU”, un 8,9% a de “técnico auxiliar / técnico”, e un 22,2% a de “técnico especialista / técnico superior” nos estudos secundarios post-obrigatorios; un 12.9% a de “diplomatura” e un 14.1% a de “licenciatura” nos estudos superiores universitarios.

Gráfico 5



Fonte: INCE “Sistema Estatal de Indicadores da Educación 2002”

Os datos achegados pola taxa de graduación para Galicia sitúan a nosa comunidade moi preto da media nacional, nos estudos de “bacharelato/COU”, “técnico auxiliar/técnico”, “diplomatura” e “licenciatura”, mentres que a cifra de “técnico especialista/técnico superior” sitúase por riba da media.

Tal e como amosa o estudo da OCDE referido á Europa dos quince (OCDE, 2001), o ensino secundario desempeña un papel crucial no desenvolvemento económico. Canto maior é a porcentaxe da poboación adulta que, nun país ou nunha rexión, finalizou os seus estudos de educación secundaria superior, tanto maior é o seu nivel de riqueza medido en termos de PIB *per cápita*, sendo esta conexión máis forte que para os estudos universitarios. Neste sentido, non é casualidade que a Unión Europea centrara sobre a educación secundaria boa parte das súas prioridades de mellora dos sistemas educativos.

Dende o punto de vista do desenvolvemento sostible a educación constitúe a base do crecemento económico, do acceso e permanencia ao mercado de traballo e da cohesión social. É por iso que a EGDS considera que “unha sociedade na que a súa poboación teña estudos superiores **os non obrigatorios** será unha sociedade cohesionada e unha

sociedade cohesionada contribuirá en maior medida a acadar o desenvolvemento sostible”. Partindo desta premisa e analizando o xa exposto, considérase conveniente construír un indicador que recolla a formación voluntaria, que mida o grao de motivación, preocupación e construción do sentido de responsabilidade por e para a formación máis alá da educación obrigatoria e, á súa vez, permita promover unha sociedade no seu seo. A formación, a cultura e os coñecementos das persoas dun país constitúen finalmente, un salvavidas ante crises económicas, sociais ou ambientais, grazas á súa capacidade de reacción, adaptación e innovación.

Polo tanto, o indicador da EGDS para a educación defínese como o número de titulados en ensinanzas non obrigatorias respecto ao total da poboación de máis de 16 anos.

Táboa 16

INDICADOR DA EGDS PARA A EDUCACIÓN POR CC.AA. AÑO 2001

	Total maiores 16 anos	Educación post- obrigatoria	Post- obrigatoria/ total >16 anos	Educación universitaria	Universitaria / total > 16 anos	Post-obrigatoria e universitaria /total > 16 anos
España	33.995.843	5.620.540	16,53%	3.839.898	11,30%	27,83%
Andalucía	5.887.034	797.551	13,55%	549.459	9,33%	22,88%
Aragón	1.028.705	179.011	17,40%	123.247	11,98%	29,38%
Asturias	933.428	158.378	16,97%	98.286	10,53%	27,50%
Baleares	692.114	113.797	16,44%	62.007	8,96%	25,40%
Canarias	1.372.785	227.354	16,56%	130.361	9,50%	26,06%
Cantabria	458.469	83.976	18,32%	46.443	10,13%	28,45%
Castela e León	2.111.428	325.810	15,43%	235.216	11,14%	26,57%
Castela-A Mancha	1.437.398	180.493	12,56%	116.689	8,12%	20,67%
Cataluña	5.342.042	982.191	18,39%	623.674	11,67%	30,06%
Comunidade Valenciana	3.458.114	532.349	15,39%	343.561	9,93%	25,33%
Estremadura	858.285	96.851	11,28%	74.292	8,66%	19,94%
Galicia	2.319.572	354.663	15,29%	205.351	8,85%	24,14%
Madrid	4.532.342	908.533	20,05%	790.084	17,43%	37,48%
Murcia	959.904	145.754	15,18%	90.371	9,41%	24,60%
Navarra	468.784	91.363	19,49%	64.130	13,68%	33,17%
País Vasco	1.796.064	383.703	21,36%	249.132	13,87%	35,23%
A Rioxa	235.180	43.049	18,30%	26.366	11,21%	29,52%
Ceuta	54.657	8.414	15,39%	5.821	10,65%	26,04%
Melilla	49.538	7.300	14,74%	5.408	10,92%	25,65%

Fonte: INE “Censos de poboación e vivendas, 2001”

No ano 2001 o indicador proposto pola EGDS para a educación situouse no 24,14%, o que significa que por cada 100 persoas maiores de 16 anos 24,14 tiñan estudos superiores aos obrigatorios. A media española situouse no mesmo ano no 27,83 %.

En xeral os valores deste indicador son reducidos e as diferenzas entre comunidades non son importantes. Como se pode observar, este indicador non escapa da influencia da estrutura poboacional de cada unha das comunidades autónomas. Por iso, á hora de ser interpretado é importante ter en conta que aquelas comunidades con poboacións máis avellentadas como pode ser o noso caso, terán un valor inferior a aquelas outras que teñan unha estrutura poboacional máis nova.

Na sociedade do coñecemento na que nos atopamos, ten especial importancia a educación pola súa capacidade para xerar crecemento económico sostible con máis e mellores empregos, cunha maior cohesión social e cunha elevada concienciación social.

3. MEDICIÓN

Para obter o indicador de cohesión social utilizáronse os seguintes indicadores básicos para cada un dos ámbitos considerados:

- **Renda:** Índice de Gini de distribución da renda e Poboación por debaixo do limiar de pobreza (% fogares)
- **Vivenda:** Ratio entre o prezo medio do m² e a renda media por fogar
- **Sanidade:** Espera media de servizos quirúrxicos e espera media de consultas externas
- **Educación:** Titulados formación profesional primeiro grao, titulados formación profesional superior, titulados universitarios ciclo curto e titulados universitarios ciclo longo.

Nos ámbitos nos que haxa máis dun indicador individual calcularase unha media dos datos normalizados respecto a uns valores máximo e mínimo. Despois deste proceso, para calcular o indicador sintético de cohesión social calcularemos a media dos indicadores básicos.

Se realizamos os mesmos cálculos para España obteremos uns resultados comparables para as variables analizadas e, por conseguinte, un indicador de cohesión social para España co que comparar os resultados do estudo de Galicia.

Táboa 1

INDICADOR DA COHESIÓN SOCIAL

GALICIA	Indicador	Rtdo individual	Rtdo agregado
Renda	Índice de Gini	69,30	48,05
	Poboación con renda por debaixo do limiar de pobreza	26,80	
Vivenda	Prezo medio do m ² respecto aos ingresos medios familiares (x100)	98,80	98,80
Sanidade	Tempo medio de espera para atención quirúrxica	54,17	64,25
	Tempo medio de espera para atención consulta externa	74,33	
Educación	Post-obrigatoria e universitaria/total >16 anos	24,14	24,14
COHESIÓN SOCIAL			58,81
ESPAÑA	Indicador	Rtdo individual	Rtdo agregado
Renda	Índice de Gini	67,50	46,95
	Poboación con renda por debaixo do limiar de pobreza	26,40	
Vivenda	Prezo medio do m ² respecto aos ingresos medios familiares (x100)	68,30	68,30
Sanidade	Tempo medio de espera para atención quirúrxica	0,00	101,07
	Tempo medio de espera para atención consulta externa	101,07	
Educación	Post-obrigatoria e universitaria/total >16 anos	27,83	27,83
COHESIÓN SOCIAL			61,04

Fonte: Elaboración propia

4. MEDIDAS PROPOSTAS.

- Facilitar o acceso a aqueles bens e/ou servizos que se consideren básicos para a integración social a través dunha rede de servizos sociais básicos e de calidade que permitan unha vida normal acorde coas circunstancias concretas de cada grupo de individuos.
- Formular políticas e planos de actuación específicos sobre os focos de precariedade e desigualdade social que son a orixe de certas condutas delictivas.
- Mellorar as prestacións sociais en canto á súa xestión, establecendo sistemas de información que axilicen o paso dunhas situacións a outras e fomentando a orientación dos seus beneficiarios cara ás redes de recursos existentes, principalmente os servizos sociais
- Poñer a disposición social vivendas para o aloxamento dos máis desfavorecidos por motivos socioeconómicos.
- Medidas que faciliten o acceso á vivenda por parte dos mozos.
- Medidas coercitivas para fomentar a posta no mercado de vivendas desocupadas. Impostos municipais sobre vivendas baleiras.
- Mellorar as posibilidades no acceso á vivenda para os grupos sociais de rendas máis desfavorecidas.
- Débese ter presente a redución das listas de espera como obxectivo prioritario en calquera política sanitaria.
- Optimizar o aproveitamento das infraestruturas e os recursos materiais sanitarios dando servizo o maior número de horas posibles ao día.
- Aproveitar o potencial dos recursos humanos con formación médica da forma máis eficiente para a redución das listas de espera (consultas e operacións polas tardes nos centros hospitalarios, etc.)
- Educar a cidadanía e concienciala do importante papel que xoga o bo funcionamento dos servizos sanitarios, xa que para cada problema hai unhas vías concretas de solución (atención con cita previa, urxencias,...).
- Medidas de discriminación positiva para as economías máis desfavorecidas, xa que é primordial esforzarse pola igualdade de oportunidades.
- Equilibrar e adecuar a oferta de titulacións superiores coa demanda de profesionais.
- Regular o acceso á universidade en función tamén da demanda futura de profesionais para impedir a aparición de bolsas de parados cunha elevada formación.
- Establecer coma un obxectivo educativo básico os coñecementos en informática e idiomas.
- Establecer horarios lectivos axeitados ou fórmulas que se adapten ás necesidades dos adultos para facilitarlle o acceso á educación, tanto no que se refire a educación básica como a formación específica en idiomas e informática.

C) Consumo responsable

1. INTRODUCCIÓN
2. OS HÁBITOS DE CONSUMO E O MEDIO NATURAL EN ESPAÑA
 - 2.1. Conciencia ambiental
 - 2.2. O Etiquetado ecolóxico
3. CONSUMO RESPONSABLE
 - 3.1. Aforro enerxético
 - 3.2. Consumo responsable da auga
 - 3.3. Contaminación
 - 3.4. Alimentación ecolóxica
 - 3.5. Transporte
4. MEDICIÓN
5. MEDIDAS PROPOSTAS

1. INTRODUCCIÓN

O Dicionario da Real Academia Española define consumo como “*o gasto daquelas cousas que co uso se extinguen ou se destrúen*”. Baixo esta sinxela descrición déixanse entrever complicados procesos de produción, distribución, uso e eliminación de cousas destruídas.

As causas da complexidade que adquire o fenómeno consumo tal e como se presenta hoxe en día hai que buscalas no impresionante desenvolvemento tecnolóxico producido na segunda metade do século XX. O desenvolvemento das telecomunicacións, a electrónica, a informática, a robótica, a automatización dos procesos de produción, e en fin, todo o conxunto de avances tecnolóxicos e científicos creados despois da Segunda Guerra Mundial tiveron dous efectos respecto ao consumo:

Dunha parte, as facilidades xeradas pola transmisión de información fan posible que as mensaxes publicitarias e de incitación ao consumo cheguen a todas partes, de forma que ninguén pode evadirse completamente deles e, doutra, os procesos de fabricación abaratáronse de tal forma que se poden poñer a disposición do consumidor produtos de alta calidade a prezos reducidos.

Existe un amplo grao de acordo sobre cales son os grandes problemas ambientais, e como a maioría destes gardan relación coa sociedade de consumo. A biosfera é un sistema de elementos interconectados. Os seres humanos somos un elemento integrante

deste sistema e, como calquera outra especie, necesitamos para vivir os recursos do noso medio. Nunha situación equilibrada, a explotación dos recursos e os desperdicios producidos poden ser asimilados pola biosfera. Pero estamos nunha situación de “non equilibrio”, na que interferimos demasiado nos procesos da biosfera.

Polo tanto, parece claro que a humanidade debe encontrar modos de explotación e administración dos recursos para lograr un desenvolvemento sostible. Serán necesarias diversas estratexias que abarquen dende os niveis locais aos globais, pasando por reformulacións en ámbitos económicos, tecnolóxicos, educativos, movementos cidadáns e individuais.

Cada un de nós somos consumidores e, na porción que nos corresponda, deberemos actuar. Haberá que modificar certos valores inculcados á sociedade de consumo e tender a outros novos que teñan que ver coa sociedade, a igualdade e a conservación do medio. Deste modo poderemos achegarnos a un consumo responsable.

2. OS HÁBITOS DE CONSUMO E O MEDIO NATURAL EN ESPAÑA

2.1. Conciencia ambiental

Podemos entender por conciencia ambiental a incorporación de criterios ambientais á escala de valores dos consumidores, é dicir, a importancia que os cidadáns lles outorgan aos aspectos ambientais no proceso de toma de decisións da súa vida diaria.

Segundo o estudo “ Los Hábitos de Consumo y Medio Ambiente en España en 2001”, produciuse un incremento destacable no número de persoas, 22 por cento no ano 2000, que considera o medio natural como principal problema do noso país.

Os principais problemas ambientais que destacan os cidadáns son a contaminación da auga, a destrución dos bosques, a diminución dos recursos naturais, a perda de especies de flora e fauna, a destrución da capa de ozono e a contaminación do aire.

Con respecto á implicación persoal dos cidadáns, unha gran parte da poboación no ámbito mundial considera que os problemas ambientais posúen unha envergadura tal que pouco pode facer cada cidadán para solucionarlos. Esta percepción é máis pronunciada en países en vías de desenvolvemento e atenúase na medida en que o grao de formación da poboación aumenta.

España encóntrase nunha posición intermedia; o 44 por cento dos cidadáns españois considera que pouco se pode facer para solucionar os problemas ambientais. Eses datos son algo máis optimistas cos do ano 2000, nos que a porcentaxe de individuos que crían que podían colaborar en pouca medida era do 51 por cento.

Con respecto ás accións a favor do medio natural nas que os cidadáns participan ou se encontran predispostos a facelo, a metade dos españois di que colabora na reciclaxe de lixo doméstico, case un 40 por cento no aforro de auga e non chega ao 30 por cento os que intentan aforrar enerxía. Se consideramos o segmento de poboación que presenta unha maior predisposición a colaborar, cada un dos aspectos tidos en conta increméntase en aproximadamente un 20 por cento.

A acción que experimentou un maior crecemento foi a relativa ao aforro de auga, cun 35 por cento con respecto ao ano 2000. A porcentaxe de cidadáns que está disposto a colaborar aforrando auga aumentou ata o 54 por cento na Comunidade de Valencia e Murcia. Este resultado é coherente co aumento da preocupación cidadá respecto á problemática da auga, e que toma especial relevancia nesas comunidades.

Sobre o grao de sensibilización e implicación do consumidor español respecto á reciclaxe, podemos dicir en primeiro lugar que as accións que contribúen á reciclaxe dos residuos domésticos son entendidas como socialmente positivas, na medida que reducen o impacto ambiental e tamén porque estas accións cívicas ilustran sobre o grao de concienciación dos cidadáns co desenvolvemento sostible, tan necesario nas sociedades economicamente máis evolucionadas.

Os resultados da “Enquisa sobre a percepción, valoración, coñecemento e actitude ante o concepto de desenvolvemento sostible⁴⁶”, desenvolvida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, mostran que está amplamente xeneralizado o respecto pola flora e a fauna, o coidado de non ensuciar os espazos abertos, a utilización de papeleiras e o coidado estético do medio máis inmediato.

As prácticas que se presentan en segundo lugar como máis estendidas son: evitar actuacións ruidosas no domicilio, evitar a eliminación de substancias tóxicas polos desagadoiros das vivendas e o respecto aos horarios de recollidas de lixo.

Por último, cabe referirse ás prácticas que presentan un seguimento infrecuente. Inclúense aquelas actuacións nas que a fracción máis numerosa é a integrada polos individuos que declaran non realizalas nunca. Entre elas está o transporte público cun 44,9%, a compra de produtos con pouca embalaxe e a compra de produtos ecolóxicos, ambas cun 42%, o aforro enerxético e a utilización de enerxías renovables na vivenda cun 40,8%.

Se analizamos máis detalladamente o segmento de enquisados que presentan unha menor preocupación e participación na realización deste tipo de prácticas, vemos que segundo a localización xeográfica dos enquisados polo seguimento nulo destas prácticas, a excepción do aforro enerxético na vivenda, que é o que nas áreas urbanas presenta un maior peso.

⁴⁶ A resposta aos hábitos mostra o grao de frecuencia de certas prácticas de coidado individual-familiar co medio natural. Esta frecuencia ten tres niveis de intensidade: nunca, ás veces e sempre.

Seguindo co segmento de poboación con menor predisposición á realización deste tipo de prácticas, os homes son os que presentan un maior peso, a excepción do aforro enerxético.

Con respecto ao uso do transporte público presenta un peso máis elevado, especialmente no segmento de idade de entre 26 e 45 anos.

2.2. O etiquetado ecolóxico

O etiquetado ecolóxico é un instrumento que ten como obxectivo fomentar a demanda de produtos e servizos que causan menos impacto no medio natural, estimulando unha mellora ambiental a través da comunicación de información verificable e precisa sobre os seus aspectos ambientais. Se ben é un esquema voluntario, nalgúns mercados estase convertendo nun importante factor competitivo.

Dende que en 1978 se introduciu por primeira vez en Alemaña un sistema de ecoetiquetado oficial coñecido como “Ángel Azul” fóronse introducindo diversos tipos de etiquetado en diversos países da UE .

En 1992 creouse a Etiqueta Ecolóxica Europea, de carácter voluntario, que permite identificar produtos “verdes” certificados oficialmente na UE, Liechtenstein e Islandia e válida para 14 grupos distintos de produtos: lámpada, electrodomésticos, pinturas, vernices, ordenadores, electrodomésticos, caldeiras de calefacción e auga quente sanitaria, produtos e sistemas de aforro, etc.

Na actualidade en España existen 250 produtos certificados con esta etiqueta e as características que deben cumprir baséanse en estudos científicos e no impacto do produto ao longo da súa vida útil. Por iso se teñen presentes as materias primas, o consumo de auga e enerxía, a contaminación de auga, as emisións á atmosfera e a xeración de residuos entre outros.

Gráfico 1

DIVERSOS EXEMPLOS DE ETIQUETAS ECOLÓXICAS EUROPEAS



Na mesma liña, a Comisión Europea, preocupada polo medio natural e polas emisións de CO₂ promulgou nos anos 90 unha directiva pola cal se implantou un sistema de etiquetado enerxético para distinguir a eficiencia enerxética dos distintos electrodomésticos, quentadores, fontes de luz, etc, e avaliar a súa calidade considerando o seu rendemento e o seu consumo.

O seu obxectivo é informar mediante un sistema de cores e letras sobre o consumo enerxético dos aparatos, para que os consumidores poidan elixir os máis eficientes enerxeticamente falando. A gamma de cores vai dende o verde para os máis eficaces ao vermello para os menos eficientes e as letras van do A para os máis eficientes ao G para os menos.

Para o caso dos vehículos tamén existe unha etiqueta enerxética con criterios similares que reflicte o consumo de combustible e as emisións de CO₂. A letra A (cor verde) representa aqueles que consumen máis dun 25% menos que a media, e a G (cor vermello) os que consumen un 25% máis que a media.

Recentemente introduciuse a etiqueta Energy Star, que aínda que se orixinou nos EEUU estase implantando na actualidade en Europa para os equipos ofimáticos, que dispoñen de características de aforro de enerxía que lles permite pasar a un estado de repouso mentres non están sendo utilizados transcorrido un certo tempo, consumindo así menos enerxía, xerando aforro enerxético e económico e alongando a vida útil do equipo.

A etiqueta GEEA (Group of Efficiency Appliances) creouse en 1996 co obxecto de promocionar a eficiencia enerxética de determinados aparatos e equipos electrónicos e ofimáticos (TV, vídeos, DVD, equipos de audio, PCs, etc), integrada por 8 países (Suíza, Dinamarca, Suecia, Alemaña, Austria, Holanda, Finlandia e Francia). Esta etiqueta só se concede a aqueles aparatos cunha eficiencia enerxética alta que tan só acadan o 25% dos produtos dispoñibles no mercado na actualidade.

Os resultados da enquisa “Los Hábitos de Consumo y Medio Ambiente en España 2001”, mostran que mentres o 59 por cento dos españois pensa que as etiquetas ecolóxicas garanten o respecto polo medio natural, aínda que unha porcentaxe importante de individuos (41 %) non cre que as devanditas etiquetas sexan garantía de que os produtos sexan ambientalmente correctos.

Entre os que responden afirmativamente, o 22 por cento opina que as ecoetiquetas (europeas ou autonómicas) supoñen un maior control sobre o produto que aqueles que non dispoñen delas, e entre os que pensan que o etiquetado non ofrece garantías de respecto ao medio natural, o 29 por cento opina que o importante son os feitos e que as etiquetas non achegan credibilidade.

A como recoñecer se un produto é ambientalmente correcto, o 48% dos cidadáns declarou facelo pola información que aparece no etiquetado. Non obstante, existe aínda

unha porcentaxe moi alta de cidadáns (41%) que non sabería como recoñecer se un produto é ou non é máis correcto ambientalmente ca outro.

As etiquetas de calidade ambiental seguen sendo pouco coñecidas entre os cidadáns españois. As que acadan maior notoriedade son, por esta orde, as de identificación da natureza do material (38%), o Punto Verde (30%) e a de etiqueta AENOR Gestión Ambiental (27%).

A Ecoetiqueta Europea mantén uns niveis de recoñecemento baixos, e só o 14% dos españois a coñece. Cando se afonda e se pregunta sobre que quere dicir cada unha delas, só unha minoría é capaz de ofrecer unha explicación correcta do seu significado.

En canto á fiabilidade, as etiquetas que ofrecían maior credibilidade entre os cidadáns foron o Punto Verde (24%), Ecoetiqueta Europa (21%) e a de AENOR Gestión Ambiental (19%), pola imaxe da organización na certificación da calidade de produtos. No estudo tamén se analizan as causas de por que unha etiqueta ofrecía maior garantía. Respecto ao Punto Verde, a razón apuntada foi que o feito de que o fabricante pagase para garantir a súa recuperación; no caso da Ecoetiqueta Europea porque se supón que os produtos deben ser sometidos a unha serie de controis rigorosos para que a Unión Europea a conceda; por último, respecto á etiqueta de AENOR Ambiental, a imaxe da organización na certificación da calidade dos produtos.

3. CONSUMO RESPONSABLE

A progresiva degradación do medio natural da que está sendo vítima o noso planeta aféctanos a todos, e todos podemos e debemos de poñer o noso gran de area para detela.

3.1. Aforro enerxético

O aforro enerxético é un obxectivo que podemos ter presente en todas as nosas actividades diarias. En ocasións este aforro depende directamente de determinadas eleccións que tomamos como consumidor e que van dende a elección da nosa vivenda ata a compra do máis simple dos electrodomésticos ou dunha simple lámpada noutros casos.

Existen unha serie de boas prácticas imprescindibles para non consumir máis do que é necesario, sen que iso implique dano ningún da nosa calidade de vida. Trátase simplemente de adoptar determinadas pautas de conduta para evitar consumir aquela enerxía que non resulta imprescindible para cubrir as nosas necesidades.

Un bo uso dos electrodomésticos é fundamental para xerar aforro enerxético e económico, de feito, nunha casa con electrodomésticos axeitados e cambiando algúns hábitos pódese aforrar ata o 50 por cento do consumo eléctrico.

O frigorífico ten un peso importante na factura eléctrica, xa que se encontra en permanente funcionamento, polo que as mellores prácticas deben centrarse en evitar as perdas de frío que supoñen un consumo de enerxía adicional para recuperar a temperatura seleccionada.

Cando utilizamos o forno e este está en marcha debemos evitar abrílo con frecuencia porque por cada vez a temperatura diminúe 25 graos, tapar o cazo durante a cocción e axustar o tamaño da chama reduce o consumo ata un 20%, ou utilizar a calor residual que queda tras apagar o foco de calor son cuestións básicas que se deben ter en conta no consumo enerxético na cociña.

Outro electrodoméstico con cuxo uso podemos aforrar é a máquina de pasar o ferro. Probablemente o descoñecemos pero se lle pasamos o ferro primeiro a aquelas pezas de roupa que esixan unha temperatura máis baixa e deixamos para último lugar as que requiran máis calor, teremos aforrado o tempo que necesita a máquina de pasar o ferro para arrefriar ata a temperatura necesaria para pasarlle o ferro ás pezas que necesitan temperaturas inferiores.

O uso da lavadora, secadora e lavalouza debe de efectuarse sempre a plena carga.

En canto ás secadoras, hai que dicir que a solución máis óptima é a de secar a roupa ao aire libre sempre que sexa posible, reservando o seu uso só para aqueles casos en que resulte imprescindible, por canto o seu consumo é elevado.

Ademais dos electrodomésticos, adquirir fluorescentes e lámpadas de baixo consumo merecen a pena porque pese a que o custo inicial é maior ca o das habituais, o consumo é moito menor e acaban resultando máis rendibles. A utilización correcta da iluminación artificial pode acadar un aforro do 40%.

3.2. Consumo responsable da auga

A auga é un dos recursos máis escasos e a pesar de que Galicia non sofre a situación de restrición de auga, coma a Comunidade Valenciana ou Andalucía, o certo é que as nosas reservas non son ilimitadas e que foron descendendo.

A maior parte da auga que se consome nos fogares emprégase para a descarga dos inodoros (33%) e no baño e a ducha (20-32%). Polo contrario, a porcentaxe máis baixa do uso doméstico (3%) destínase a beber e cociñar. Nos fogares que empregan aparatos economizadores, como os que reducen o volume de auga que descargan as cisternas dos inodoros, o consumo de auga pode reducirse ata un 50%. O aforro total de auga

dependerá da proporción que represente a demanda dos fogares con respecto á demanda urbana total e do estendido que estea o uso de tales aparatos.

Por exemplo, sempre que unha persoa opta por darse unha ducha de cinco minutos en lugar de bañarse afórranse 90 litros de auga, pero se ademais pecha a billa mentres se enxaboa, evita un gasto adicional de entre 10 e 20 litros de auga.

Pechar a billa mentres nos cepillamos os dentes é outra boa medida de aforro, posto que podemos perder ata 20 litros cada vez que realizamos esta operación.

Poñer a lavadora ou o lavalouza só cando estean cheos, reducirán tanto o consumo de auga como o de electricidade, ou ben utilizar os programas de media carga que teñen menor consumo de auga e deterxente. Non obstante, á hora de adquirir un novo é importante elixir un de baixo consumo de auga (máximo de 1,85 litros / cuberto por lavado) e enerxía (máximo de 1,5 kw por lavado sen prelavado).

Non utilizar a auga potable de consumo público para regar, pechar ben as billas ou non tirar innecesariamente do inodoro poden ser medidas sinxelas de uso que nos permitirán achegar o noso gran de area.

3.3. Contaminación

O maior consumismo e, sobre todo, os comportamentos que marca o mercado, con maior cantidade de envases, son as causas fundamentais do crecemento da xeración de lixo. No ano 2001 cada español xerou 565 quilogramos de lixo, un 3,6% menos respecto ao 2000, segundo datos da “Encuesta sobre la recogida y tratamiento de residuos urbanos” elaborada polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

Neste sentido levar a cesta ou bolsas propias á compra, mercar envases de vidro retornable ou non comprar alimentos en bandexas de poliestireno extruído senón ao peso coa mínima embalaxe, son tres posibilidades de modificar os hábitos de consumo e de colaborar coa produción de menos residuos.

Utilizar papel reciclado, colaborar na separación dos materiais para a recollida de lixo e a súa posterior reciclaxe son exemplos de comportamentos sinxelos e que a penas supoñen esforzo para os consumidores. O papel, o cartón e o vidro son materiais de fácil clasificación e reciclables que poden volver ser utilizados.

Na limpeza do fogar é preferible utilizar deterxentes sen fosfatos, moito máis benignos para o medio natural, e non abusar da lixivia, posto que rompe o equilibrio bacteriano das augas residuais ao seren tirados polo inodoro.

Empregar pilas recargables ou aparatos que funcionen con enerxía solar é moito mellor ca o uso das convencionais, xa que estas son altamente contaminantes

3.4. Alimentación ecolóxica

A agricultura ecolóxica é unha manifestación da recente preocupación da poboación polo medio natural e o consumo de produtos saudables. Tamén chamada biolóxica ou orgánica, pódese definir de forma ampla como o conxunto de prácticas agrarias e agroindustriais baseadas na utilización óptima dos recursos naturais, que exclúen o uso de produtos químicos de síntese, tanto na agricultura, a gandería e a agroindustria, coa finalidade de obter alimentos de calidade con todas as súas propiedades naturais, favorecendo a actividade biolóxica do solo, a diversidade xenética e o medio natural.

A existencia de consumidores máis conscientes da necesidade de protexer o medio, os cambios nos hábitos de consumo e a esixencia de alimentos sans e de boa calidade, son factores que contribuíron a que a produción e o comercio de orgánicos adquiran un ritmo de desenvolvemento acelerado.

Un reflexo desta situación é que os alimentos ecolóxicos representan o sector de máis rápido crecemento do mercado alimentario europeo, cunhas vendas que se triplicaron na década dos noventa, sendo os países escandinavos, Suíza e Austria os que presentan maiores proporcións de consumo de produtos de alimentación ecolóxicos, o que reflicte a súa elevada preocupación pola saúde e o medio natural.

3.5. Transporte

O establecemento de sistemas masivos de transporte de persoas e obxectos, como os que caracterizan a sociedade contemporánea, está provocando danos no medio natural difíciles de evitar.

Ante esta situación, convertese en prioritario reducir a tendencia ascendente do transporte particular e incrementar o uso do transporte público.

A enquisa sobre mobilidade realizada polo Ministerio de Fomento e Automobilistas Europeos Asociados (AEA) reflicte que Galicia é, despois de Canarias, a comunidade autónoma na que máis se utiliza o coche como medio de transporte para os desprazamentos habituais.

Neste sentido, a Dirección Xeral de Transportes pertencente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no novo Plan de Transportes de Galicia establece como obxectivos a modificación da tendencia descendente do transporte colectivo e a limitación da tendencia ascendente do transporte particular, así como reducir nas cidades o impacto do vehículo privado.

O Plan de Transportes de Galicia vai implicar a máis do 20 por cento dos concellos galegos, que suman case o 60 por cento da poboación galega, que vive en grandes cidades e na súa área metropolitana. Os concellos implicados representan unha superficie de 765.651 quilómetros cadrados, o que supón o 28 por cento do territorio.

O Plano de Transportes propón a mellora no percorrido de penetración dos autobuses nas cidades, prolongación e modificación dos percorridos e a coordinación de distintos modos de transporte.

En relación ás infraestruturas, o plan pretende a instalación de intercambiadores, marquesiñas, paradas, creación de carrís reservados para vehículos públicos e medidas de integración de tarifas.

Por último, o sistema de billete único previsto no proxecto vai rebaixar nun 30 por cento o prezo dos traxectos entre as sete grandes cidades galegas e os seus concellos de influencia (50 concellos nos que vive o 61 por cento da poboación galega). Mediante o billete único, os usuarios poderán viaxar nas mesmas condicións económicas dentro da capital e na área metropolitana.

Na actualidade, tan só o 3 por cento da poboación galega utiliza regularmente o transporte colectivo. A través do mencionado plan preténdese un incremento do 30 por cento do número de viaxes en transporte público en Galicia e, paralelamente, lograr unha redución de entre un 1,5 e un 1,7 por cento dos desprazamentos en vehículos privados.

Idéntico obxectivo persegue o Plan de Transporte Ferroviario que consta de tres eixes:

- A mellora da rede convencional e do transporte de mercadorías.
- A comunicación co resto de España e da Unión Europea en alta velocidade.
- A mellora da rede interior en alta velocidade.

Esta última medida suporá, dende o punto de vista do desenvolvemento sostible, un punto de inflexión. A posibilidade de desprazamento entre as sete principais cidades galegas en alta velocidade suporá unha captación moi notable de viaxeiros que na actualidade utilizan os coches particulares, xa que a oferta ha de ser moi superior en tempo de viaxe e incluso con respecto ao custo do desprazamento.

Así mesmo, a posibilidade de comunicar calquera das principais cidades galegas coa capital de España nun tempo inferior a tres horas propiciará un desprazamento cara ao tren dende o punto de vista de consumo enerxético e, consecuentemente, da emisión de gases contaminantes.

É posible que o incremento do transporte urbano implique unha redución do uso de vehículos privados, porén, o problema agravaríase en como proporcionarlles

4. MEDICIÓN

Comprobar o grao de sensibilización e implicación dos consumidores con respecto ao medio natural é unha das prioridades deste apartado de consumo responsable.

Dada a dificultade de medir directamente o comportamento sostible da poboación, dende a EGDS consideramos que era necesaria a creación dun indicador indirecto para a súa análise e valoración. O punto clave do noso indicador indirecto é o recoñecemento de que unha sociedade formada por consumidores responsables é unha sociedade cohesionada e responsable.

INDICADOR:

Actividades formativas * nº de asistentes / poboación total

As *actividades formativas* refírense a suma de todas as actividades desenvolvidas co fin de formar e educar a poboación en relación ao consumo responsable. Estas “actividades formativas” pertencentes ás actividades educativas non reguladas encóntranse incluídas dentro de cinco grandes bloques: auga, alimentación, contaminación, enerxía e transporte.

Auga: Incluirá todas aquelas actividades dirixidas á poboación e relativas ao uso eficiente da auga e ao aforro no consumo desta.

Alimentación: Incluirá todas aquelas actividades dirixidas á poboación e relativas ao coñecemento e fomento do consumo dos alimentos ecolóxicos. Inclúense nesta sección os programas de potenciación de ecoetiquetas.

Contaminación: Incluirá todas aquelas actividades dirixidas á poboación e relativas á minimización dos factores xeradores de contaminación. Inclúense nesta sección os programas orientados á reciclaxe e minimización de residuos domiciliarios.

Enerxía: Incluirá todas aquelas actividades dirixidas á poboación e relativas ao uso eficiente da enerxía e ao aforro do consumo enerxético. Inclúense nesta sección os programas de potenciación de etiquetas enerxéticas e enerxías alternativas.

Transporte: Incluirá todas aquelas actividades dirixidas á poboación e relativas ao uso eficiente dos medios de transporte e ao fomento do uso do transporte público.

Asistencia refírese ao número de participantes que colaboraron nas actividades formativas. Introducíronse neste indicador, para analizar a porcentaxe de poboación que recibiu información relacionada cos cinco bloques anteriormente sinalados, que foron estimados coma os piares fundamentais do consumo responsable.

Debido á dispersión da información e á ausencia en moitos casos dela nesta primeira análise, optamos por non valorar o indicador, posto que a deficiencia dos datos non

proporcionaría un indicador relevante e podería dar lugar a erros. Non obstante, esperamos que en posteriores estudos a centralización da información nos permita ver con claridade a situación de Galicia en relación co consumo sostido.

Con respecto á valoración do indicador, debemos aclarar que un valor do indicador elevado non implicará necesariamente que estamos ante unha sociedade de consumo responsable pero, porén, permitiranos afirmar que estamos na mellor senda posible.

Dende a EGDS, consideramos que a educación en consumo responsable vai repercutir positivamente nos comportamentos e actitudes dos consumidores. Estes comportamentos e actitudes repercutirán positivamente, aínda que de forma indirecta, sobre o resto de indicadores. Así, por exemplo, un comportamento favorable cara á reciclaxe repercutirá no indicador de residuos, un maior consumo de produtos ecolóxicos sobre a produción da agricultura ecolóxica ou un maior uso do transporte público fronte aos vehículos particulares nas emisións.

Polo tanto, poderemos dicir que o consumidor galego ten que ser máis responsable e estar máis concienciado na medida en que se lle proporcione formación relativa ao consumo responsable.

5. MEDIDAS PROPOSTAS

- Fortalecemento dos valores que apoién o consumo sostible.
- Fomento de actitudes positivas cara ao consumo sostible mediante a educación e os programas de toma de conciencia do público que fomenten modalidades sostibles de produción e de consumo.
- Difusión do etiquetado con indicadores ecolóxicos e outros programas de información sobre produtos que teñen relación co medio natural, co fin de que o consumidor poida facer unha selección fundamentada.
- Fomentar o consumo ecolóxico. Potenciar os hábitos de consumo ambiental mellorando a aceptación dos produtos e servizos elaborados con criterios sostibles. De aquí a importancia de levar a cabo accións de comunicación e investigacións de mercado. Estas últimas facilitarían un maior coñecemento das esixencias do consumidor ecolóxico e as súas tendencias, así como dos mercados máis atractivos. Ademais, posibilitarían a segmentación do mercado para facer chegar os alimentos ecolóxicos ao maior número de consumidores, adecuando o grao de elaboración, a presentación, o establecemento de venda, os prezos, etc., ás características e desexos de cada segmento.
- Investigación e Desenvolvemento. Investigación e Desenvolvemento de novas técnicas de aforro enerxético, de aforro de consumo de auga, envases non contaminantes, redución de emisións...